

UNIVERSIDADE DE VIGO

ORZAMENTO

DO

EXERCICIO 2008

I PRESENTACIÓN

Entramos no exercicio 2008 no cuarto ano de vixencia do Plan de financiamento das universidades de Galicia 2005-2010 (*PF*, en adiante). A aplicación deste modelo de financiamento permitiu ás institucións abordar con bastante certidume o deseño da súa programación estratéxica ao poder anticipar o comportamento financeiro do seu principal axente financiador. O seu carácter plurianual permite facer certa planificación económica e os recursos que compromete significan un esforzo considerable. Non obstante, este esforzo maniféstase claramente insuficiente para acadar todos os obxectivos para os que foi deseñado polo que sería desexable un incremento dos fondos adicados ao *SUG* e crea mecanismos de asignación competitivos entre as universidades que permitan a estas avanzar na mellora da xestión e da calidade docente así como ligados á consecución de obxectivos de *I+D+i*.

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2008 supón un volume de recursos de **174.183.672** euros, o que significa un incremento do 14 % sobre os ingresos consignados en 2007. Unha parte importante deste aumento débese, por unha banda, á previsión de captación de fondos en réxime competitivo por parte dos nosos investigadores, que neste ano aumenta en máis de seis millóns de euros e, por outra banda, ao éxito nas convocatorias da Xunta de Galicia para persoal de *I+D+i* (entre os que están os contratos Parga Pondal, María Barbeito, Angeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto) que supoñen un incremento respecto a 2007 de dous millóns e medio de euros. En total, oito millóns e medio de euros acadados en réxime competitivo e que son ingresos finalistas, xa que teñen a súa contrapartida correspondente no capítulo de gastos, polo que a repercusión destes ingresos non xera marxe para a institución no seu conxunto. Se os excluímos do cómputo total de ingresos falaríamos dun incremento

porcentual do 8 % con respecto aos ingresos de 2007. Aínda que se trata dun incremento moderado, este volume de recursos vai permitir cubrir de xeito razoable os principais ámbitos de actuación nos que se concreta a actividade cotiá da institución, consolidando o seu papel de servizo público de calidade.

Polo que respecta á orixe dos fondos, os que achega o *PF* seguen a garantir a suficiencia do sistema, así como o seu desenvolvemento.

En 2008, o *PF* supón un volume total de recursos de **114.201.874 €**, considerando tamén neste importe os proxectos e infraestruturas de investigación da Xunta. Estes ingresos concretáanse do seguinte xeito:

1. TRANSFERENCIAS CORRENTES :	95.674.231
- Fondo de financiamento incondicionado:	89.323.656
- Fondo de calidade:	3.513.489
- Fondo de nivelación:	2.837.086
2. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL :	18.527.643
- Fondo RAM:	1.642.926
- Fondo de apoio á investigación	2.459.309
- Proxectos e infraestruturas de investigación:	8.914.627
- Fondo de investimentos:	4.657.843
- Contratos-programa:	852.938

Polo tanto, as cantidades que achega a Xunta a través do *PF* medran en máis de 12 millóns de euros con respecto ás achegas realizadas no exercicio de 2007, o que supón un incremento aproximado do 12,2 %. En termos globais, as achegas realizadas ao abeiro do *PF* representan un 65,6 % dos ingresos totais da Universidade de Vigo.

Agora ben, a Universidade de Vigo tamén conta con certa capacidade de xeración directa de recursos, ben por ingresos de matrícula ou ben polo concurso ou participación da institución e dos seus grupos de investigación na captación de recursos de libre concorrencia.

En canto aos recursos propios, que recolle os dereitos liquidados pola prestación de servizos académicos, os ingresos por matrícula supoñen para o ano 2008 unha cantidade de mais de 14 millóns de euros, o que pode considerarse unha estimación prudente para este concepto.

No que se refire a Fondos Feder e anticipos nas convocatorias xerais do MEC e nas de Parques Científico-Tecnolóxicos, a Universidade de Vigo computa 11,8 millóns de euros de ingresos en 2008, mentres que por proxectos e contratos ingresaremos algo máis de quince millóns e medio de euros. Isto supón un total de 27,3 millóns de euros de financiamento externo acadado en competencia no mercado de I+D+i. Como xa anticipamos no exercicio de 2007, seguindo as recomendacións da Auditoría do Consello de Contas quedan excluídos deste cómputo os contratos de investigación acadados polos investigadores da nosa universidade que son xestionados por Feuga. No referente ás convocatorias xerais do MEC e de Parques Científico-Tecnolóxicos, este ano compútanse os ingresos obtidos na convocatoria de 2006 e que aínda están pendentes de execución, así como os acadados na convocatoria de 2007.

Podemos, polo tanto, seguir falando dunha situación financeira estable, adaptándose a planificación económica á previsión de ingresos do período. Esta disciplina orzamentaria tradúcese en solvencia financeira para a Universidade de Vigo, permitíndolle cumprir os seus múltiples obxectivos contando con recursos escasos. Estes recursos non permitirían cubrir a totalidade de iniciativas e actuacións que se quixesen, polo que hai que planificar de xeito que no futuro poidan ser obxectivos acadados. Falar de solvencia financeira non significa gozar de suficiencia financeira, é necesario mellorar neste aspecto e a Xunta de Galicia parece camiñar neste senso ao

garantir para os vindeiros anos un esforzo de carácter público expresado en porcentaxe do Produto Interior Bruto que supón situarse por riba do 1 % do PIB no horizonte de 2009-2013.

Cómpre que entre todos fagamos fronte común cara á consolidación desta circunstancia saneada e estable que vén caracterizando a situación financeira da Universidade de Vigo nos últimos exercicios.

A continuación enuméranse as liñas de actuación máis salientables para 2008.

Liñas preferentes de actuación

As liñas preferentes da Universidade de Vigo para 2008 son cinco: mellora salarial, estabilidade e promoción; infraestruturas docentes e de investigación; plan de reforma das titulacións, incluíndo grao e posgrao; plan de desgravacións por actividades docentes e de investigación; e finalmente programa de mobilidade internacional. Estas liñas preferentes marcan tamén as liñas de gasto nas que se fará un esforzo orzamentario especial no ano 2008 e que podemos detallar como segue:

a) Mellora salarial, compromiso coa estabilidade e programa de promoción.

Neste caso estariamos a falar de continuidade no obxectivo iniciado no exercicio de 2005 de consolidación de cadros de persoal. Dentro do programa de mellora salarial inclúese a actualización dos diferentes conceptos salariais de PDI e PAS, de acordo co establecido polos órganos de goberno da Universidade e na Mesa de Negociación das Administracións Públicas.

Isto supón a incorporación nas magnitudes salariais, entre outros conceptos, do incremento fixado na Lei de orzamentos xerais do estado, a incorporación ás pagas extraordinarias do complemento de destino e do complemento específico, complemento

este último que se incorporará en tres anos (2007, 2008, 2009); dos incrementos previstos en trienios, quinquenios, sexenios e dos complementos autonómicos.

Xunto co programa de mellora salarial, tamén se lles dá apoio orzamentario aos plans especiais de promoción de PAS e PDI. No que se refire ao persoal de administración e servizos, o compromiso está vencellado á negociación dunha nova RPT de PAS laboral e funcionario, neste último caso vinculado á biblioteca e á reestruturación do campus.

En canto ao persoal docente e investigador, mantense o programa propio de promoción para doutores que aumenta a dotación de dez a doce prazas para o ano 2008.

Globalmente, no que respecta ao capítulo I, o seu volume total medra a unha taxa do 10 % para atender a todos os compromisos, o que significa un incremento de 8 millóns de euros en termos absolutos. Neste capítulo I aparecen recollidos, polo lado do gasto, os incrementos debidos ao éxito nas novas convocatorias de persoal de I+D+i, subvencionados polo Ministerio de Educación (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI) e pola Xunta de Galicia (Parga Pondal, María Barbeito, Ángeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto). Como xa adiantamos, as novas incorporacións supoñen un incremento de dous millóns e medio respecto ao ano 2007.

b) Infraestruturas de investigación.

O orzamento de 2008 inclúe tamén como liña de actuación destacada a construción de diversas infraestruturas centralizadas de investigación. Ao igual que en exercicios anteriores, para levar a cabo estas actuacións participouse nas convocatorias de financiamento de módulos e equipamentos centralizados de fondos Feder, anticipos MEC e Parques Científico-Tecnolóxicos, acadándose financiamento en todas elas.

Ademais, neste exercicio 2008 dáselle continuidade a aqueles proxectos que entrarían xa na última fase da súa execución e que forman parte da convocatoria 2006 de Feder, anticipos MEC e Parques Científicos. As obras que se contemplan son as seguintes:

- Novas instalacións do CACTI.
- Finalización e amoblamento do CITI.
- Finalización do Módulo Tecnolóxico Industrial.
- Construción do Módulo Biosanitario.
- Segunda fase da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).
(Inclúe a finalización do dique e a urbanización do contorno, cumprindo o compromiso de devolver ao mar parte dos terreos no seu día recheados).
- Inicio da construción dun Centro de Investigacións Biomédicas.

As actuacións previstas en cada unha destas prioridades de gasto son as seguintes:

Infraestruturas centralizadas

□ Programa 122F

- | | |
|---|------------|
| - Concepto 629. infraestruturas de investigación: | 12.964.152 |
| - Subconcepto 629.03: | 6.272.712 |
| - Subconcepto 629.11: | 6.691.440 |

□ Orgánica OUR1 – 300S

- | | |
|---|---------|
| - Concepto 629. infraestruturas de investigación: | 600.000 |
| - Subconcepto 629.11: | 600.000 |

Total infraestruturas investigación centralizadas: 13.564.152

En resumo, no orzamento de 2008 dedícanse 13,5 millóns de euros á adquisición de novas estruturas de investigación para a Universidade de Vigo, o que representa preto dun 8 % do orzamento total de 2008.

c) Infraestruturas docentes e administrativas.

Outras das iniciativas relevantes de 2008 ten que ver cos compromisos construtivos, así como coas actuacións de reforma e mantemento dos edificios existentes.

En primeiro lugar cabe destacar a realización da 1ª fase do Proxecto Paulo Mendes da Rocha, que supón un compromiso de tres millóns de euros. Pero tamén debemos destacar, polo que significa en termos de compromiso coa igualdade, o proxecto de construción de escolas infantís nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, que globalmente significan un compromiso orzamentario para 2008 de 540.000 euros.

Cabe destacar tamén as cantidades comprometidas para as obras da Facultade de Ciencias da Educación en Pontevedra que en total supoñen dous millóns de euros, así como a finalización do CITI en Ourense, no que unicamente queda pendente a urbanización da parcela e dotalo de mobiliario. Este orzamento implica tamén un esforzo financeiro dirixido a incrementar o patrimonio da Universidade de Vigo ao asumir a adquisición do teatro da cidade universitaria. Este parece o seu destino natural dado que dende a súa posta en funcionamento a Universidade de Vigo vén facendo un uso case exclusivo deste. O seu prezo, que inclúe o dereito de construír na parte elevada da zona comercial, cífrase en 1.300.000 euros, que representa o custo da obra no ano da súa realización. Así mesmo, o orzamento asume o pagamento do último prazo derivado da adquisición do Edificio Miralles.

Continuidade de compromisos construtivos

□ Clasificación Orgánica UNIT – Programa 300S

-	Concepto 622. Edificios e outras construcións	
□	Biblioteca de Ciencias – Vigo:	145.458
□	1ª fase do Proxecto Paulo Mendes Da Rocha	3.047.001
□	Gardaría:	300.000
□	Adquisición do Edificio Miralles:	437.500
□	Adquisición do Teatro:	1.300.000
□	Novas instalacións cofinanciadas:	360.000
	Total parcial (1)	5.589.959

A dotación do 360.000 euros que se fai no programa 300S da UNIT está orientada ao cofinanciamento de instalacións vinculadas a convocatorias relacionadas coa eficiencia enerxética, a climatización e a xestión ambiental.

□ **Clasificación Orgánica PON1 – 300S** (Campus de Pontevedra)

- Concepto 622. Edificios e outras construcións

□ CC. Educación de Pontevedra – Aulas e Laboratorio:	1.382.221
□ CC. Educación de Pontevedra- Vestiario:	408.210
□ Liquidación CC. Educación:	403.949
□ Proxecto Básico e de Execución Edificio das Artes:	440.000
□ Gardería:	120.000

Total parcial (2) **2.754.380**

□ **Clasificación Orgánica OUR1 – 300S**

- Concepto 622. Edificios e outras construcións

□ Urbanización parcela CITI:	354.566
□ Gardaría:	120.000

Total parcial (3) **474.566**

Actuacións de reforma e adaptación

□ **Clasificación Orgánica UNIT – Programa 300S** (Campus de Vigo)

- Concepto 622. Edificios e outras construcións

□ Reformas e novas instalacións en centros docentes:	1.401.192
□ Reformas e novas instalacións no campus e edificacións centrais.	531.653

Total parcial (4) **1.932.845**

□ Clasificación Orgánica PON1 – Programa 300S (Campus de Pontevedra)	
- Concepto 622. Edificios e outras construcións	
□ Cuberta Pavillón Universitario:	200.000
□ Cuberta Edificio Belas Artes:	130.000
Total parcial (5)	330.000
□ Clasificación Orgánica OUR1 – 300S (Campus de Ourense)	
- Concepto 622. Edificios e outras construcións	
□ Climatización do Ed. Xurídico-Empresariais (2ª fase):	271.433
□ Sistema anti-incendios do Edif. Facultades:	290.059
□ Outras reformas e novas instalacións en centros docentes:	108.000
Total parcial (6)	669.492
Total infraestruturas docentes e administrativas.....	11.751.243

d) Plan de reforma das titulacións que inclúe grao e posgrao.

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e o documento do Consello de Galego de Universidades coas “Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia”, marcan as actividades que se realizarán no eido da reforma dos actuais títulos oficiais de grao e posgrao.

Para dar resposta a esta necesidade, articúlanse tres eixos de actuación dirixidas, en pimeiro lugar, á renovación das metodoloxías docentes; en segundo lugar, á posta en marcha de títulos de máster; e, por último, á reforma das titulacións de grao.

Co apoio aos proxectos piloto de adaptación ao EEES nas actuais titulacións de grao incídese na necesaria renovación das metodoloxías docentes e na definición do crédito

ECTS como unidade de medida do esforzo do estudante. Esta acción recibe un apoio orzamentario de 140.000 euros que poden ser empregados para actividades de formación, reforma de espazos, equipamento docente ou calquera outra actividade necesaria para o proceso de adaptación. Por outro lado, a implantación dos novos títulos de máster universitario recibe apoio orzamentario específico (115.000 euros), e deséñanse mecanismos de incentivos para actividades específicas consideradas estratéxicas, como son a internacionalización ou as prácticas pre-profesionais. Por último, o programa contempla unha dotación orzamentaria específica de 50.000 euros para dar apoio aos centros na preparación dos novos planos de estudo de grao mediante a realización de actividades de formación e asesoría. En canto aos master que están xa en marcha, a dotación en 2008 é de 545.000 euros, consignados no Programa de centros para o seu reparto posterior.

Cabe mencionar tamén a posta en marcha do Programa Tempos (telemaster de posgrao), dotado con 200.000 euros, e que ten por finalidade atender o financiamento das iniciativas de apoio xeral aos master oficias de posgrao para a súa virtualización, difusión e xestión.

e) Plan de desgravacións docentes e de investigacións

No orzamento de 2008 consolídase o apoio financeiro ao Plan de desgravacións docentes posto en marcha en 2007 e ábrese novas liñas de desgravacións vinculadas aos resultados de investigación. O obxectivo é dar apoio académico ás liñas estratéxicas que o equipo de goberno considera de maior relevancia. As actividades de carácter docente, de investigación e directivas que se poden considerar con desgravacións de carga en POD son as seguintes:

1.- Desgravacións asignadas por actividades docentes

- Apoio aos programas oficiais de posgrao
- Apoio aos programas piloto de adaptación ao EEES
- Apoio ás actividades de intercambio de estudantes

- Apoio aos programas de prácticas externas

2.- Desgravacións asignadas por actividades de I+D

- Apoio aos grupos de referencia da Universidade de Vigo
- Apoio aos investigadores responsables de proxectos europeos do VII Programa Marco, Cenit e Consolider, cun incremento respecto ó ano pasado para os líderes dos proxectos
- Desgravacións por dirección de teses de doutoramento
- Desgravacións por dirección de proxectos de investigación
- Desgravacións por investigación recoñecida en forma de sexenios

3.- Desgravacións asignadas por actividades directivas

- Apoio ás actividades directivas do Equipo de Goberno
- Apoio aos Equipos Directivos dos centros en base a datos de xestión

Trátase dun programa de apoio de 400 créditos, que será presentado con detalles no Consello de Goberno, coa intención de que poida ser debatido e incorporado no POD do curso 2008-2009.

f) Programa de mobilidade internacional

Continúa o compromiso pola mobilidade internacional, que sitúa a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da Universidade de Vigo nun primeiro plano dentro do Sistema Universitario Galego.

A evolución orzamentaria do programa da ORI está igualmente en consonancia co crecemento continuado da súa actividade. Os datos de anos precedentes levan a facer unha previsión de case 600 estudantes e 100 docentes que participarán nos diversos programas de mobilidade da Axencia Nacional Erasmus e da Axencia Española de Cooperación Internacional, así como a través dos proxectos de cooperación interuniversitaria que se aproben para realizar durante 2008 actividades en América

Latina. Por outra banda, o programa reflicte o curso da participación en actividades e programas que requiren cofinanciamento, como poden ser os programas TEMPUS, nos cales o referente ao desenvolvemento de Oficinas de Relacións Internacionais IGBRIU remata en novembro, e acábase de conceder un novo programa relacionado coa calidade universitaria baixo o nome MUQ. Hai que salientar tamén as diversas actuacións “Jean Monnet”, sobre os cales a Universidade de Vigo ten o recoñecemento de Centro de Excelencia.

g) Outras actuacións de interese

Compromiso co Plan de calidade docente

Continúase neste exercicio dando apoio ao Plan de calidade co obxectivo de que culminen os programas propios que ten marcados e que vén desenvolvendo dende a súa posta en funcionamento.

Os esforzos previstos no orzamento de 2008 en cada un dos dous programas de gasto afectados, nomeados centros e departamentos, son:

- **Programa 300C - “Servizo de xestión descentralizada”**
 - Concepto 280. Plan de calidade docente: 450.000
 - **Programa 122H - “Departamentos”**
 - Subconcepto 280.01. Plan de calidade docente: 360.000
 - Subconcepto 641.01. Producción científica: 805.000
- Incremento do 15 % sobre o consignado no exercicio de 2007

Compromiso co medio natural

No exercicio 2008 ponse en marcha o Plan SUMA, cunha dotación de trescentos mil euros, e que agrupa toda unha serie de actuacións como son o estudo de eficiencia e sostibilidade enerxética nas edificacións, reciclaxe e reutilización de residuos, avaliación do transporte, estudos do contorno natural e patrimonial, inventario de instalacións singulares de I+D, iniciativas de colaboración e compromiso social así como de difusión e sensibilización das medidas de sostibilidade e estudos ambientais na Universidade de Vigo. Nos campus de Ourense e Pontevedra vanse levar a cabo actuacións similares que

se perfilarán a través dos seus respectivos programas: o Programa Campus Terrae en Ourense e o Programa Campus Vedra en Pontevedra.

Polo que se refire ao Campus de Ourense, o Programa Campus Terrae inclúe dotación para o proxecto, para a instalación de placas solares no pavillón de deportes, e outra serie de actuacións que engloban conceptos similares aos enumerados no Plan Suma que supoñen un total de seiscentos mil euros.

En canto ao Campus de Pontevedra, no orzamento de 2008 dáselle apoio orzamentario para a realización dun concurso de ideas por importe de cento cincuenta mil euros.

Para o financiamento destas iniciativas cóntase con subvención da Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e tamén coa subvención do Grupo Santander. Así mesmo, co fin de acadar maior financiamento, vanse concorrer as convocatorias públicas que con esta finalidade fai o INEGA.

Así mesmo, complétase o Plan de seguridade iniciado no exercicio de 2006, que centrou o seu esforzo na adquisición de colectores de produtos perigosos, dotándoo neste exercicio cunha cantidade de sesenta mil euros de cara á avaliación das instalacións e dos equipamentos dos laboratorios. Ademais dáselle tamén continuidade ao Plan de control de accesos a centros e instalacións, posto en marcha en 2006 en tres edificios, que será ampliado en 2008 para completar a instalación do sistema de control de accesos e vixilancia en diversos centros da Universidade de Vigo. Este programa, ao igual que o Plan SUMA, está subvencionado a través do convenio co Grupo Santander.

Antes de rematar coa presentación destas liñas prioritarias, hai que facer referencia a outros programas que neste exercicio 2008 reciben un apoio orzamentario especial.

Programa 122I “Formación de investigadores”. No exercicio 2008 pretende poñerse en marcha unha nova liña de axudas relativas á formación de investigadores en áreas con dificultades para captar investigadores.

Programa 122F “Fomento de proxectos de investigación”. Continúa en 2008 o esforzo orzamentario de apoio aos grupos de investigación de referencia, consignado na partida 641.02, e que xa se iniciou en 2007. A dotación para esta partida no ano 2008 é de 1,4 millóns de euros, o que significa un incremento de case 200.000 euros en termos absolutos, e do 15 % en termos relativos respecto á cantidade asignada en 2007.

Por último, merece destacarse a continuidade e o apoio orzamentario das actividades da Área de Igualdade que amplía o abano das súas actividades organizando conferencias, promovendo estudos sobre a situación das mulleres na Universidade de Vigo e recomendando accións para unha mellor convivencia en termos de igualdade.

II . ORZAMENTO DE INGRESOS

II. 1 Evolución xeral

O orzamento de ingresos por capítulos para 2008 e a súa comparación relativa coas magnitudes equivalentes de 2007 aparecen recollidos no cadro 1.

CADRO 1: ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2008 - COMPARACIÓN CO EXERCICIO 2007

Exercicio	2007		2008		Variacións (en %)
Capítulos	Val. Brutos (A)	% s/total	Val.brutos (B)	% s/total	[(B) - (A)] / (A)
Cap.III	15.438.824	10,13	15.695.897	9,01	1,67%
Cap. IV	93.121.257	61,09	103.849.562	59,62	11,52%
Cap. V	665.000	0,44	755.000	0,43	13,53%
Ingresos correntes	109.225.081	71,65	120.300.459	69,07	10,14%
Cap. VI	0	0,00	0	0,00	0,00%
Cap. VII	27.924.777	18,32	36.997.879	21,24	32,49%
Cap. VIII	15.285.499	10,03	12.385.334	7,11	-18,97%
Cap IX	0	0,00	4.500.000	2,58	100,00%
Ingresos capital	43.210.276	28,35	53.883.213	30,93	24,70%
TOTAIS	152.435.357	100,00	174.183.672	100,00	14,27%

Como aparece reflectido neste cadro, hai un incremento bruto de 21,6 millóns de euros nos ingresos consignados para 2008, o que representa un crecemento relativo do 14,3 % sobre os ingresos computados no exercicio anterior.

No que se refire aos ingresos correntes, estes medran en 11 millóns de euros, o que supón unha taxa de crecemento do 10 % respecto ao exercicio anterior. A súa evolución está estritamente ligada á evolución do *PF*, polo que se trata de fondos financeiros estables e con evolución comprometida.

Con este incremento do ingreso corrente poderemos facer fronte ás demandas crecentes de gasto corrente, debido á evolución da propia institución (novos centros, novas

instalacións etc.), así como manter un resultado positivo no aforro do sector público (ingresos correntes – gastos correntes) que pode logo trasladarse a programas de investimento.

Polo que respecta aos ingresos de capital, a súa evolución en 2008 supón un incremento de 10,6 millóns de euros, o que representa un incremento anual de case un 25 %. Cómpre dicir que neste exercicio de 2008 hai previsto un ingreso de máis de quince millóns de euros procedentes de fondos acadados en réxime competitivo polos nosos investigadores, o que supón un incremento por este concepto de máis de seis millóns con respecto ao exercicio 2007. Por outra banda, os Fondos Feder acadados no exercicio 2008 superan en dous millóns os fondos consignados en 2007. Polo tanto, estes dous conceptos, proxectos de investigación con financiamento externo e Fondos Feder, experimentan un incremento de oito millóns de euros con respecto a 2007, o que explica unha grande porcentaxe do incremento dos ingresos de capital.

En todo caso, e como xa se ten sinalado, insistimos na necesidade de que os fondos que achega o *PF* para os fins de apoio á actividade investigadora, de obra nova e de contratos programas acaden unha maior contía que estea en liña cos obxectivos sinalados no Plan galego de I+D para o período de 2006-2010.

O capítulo VIII descende un 19 % respecto ao exercicio 2007. Aquí están reflexados os remanentes da tesourería que proceden fundamentalmente de préstamos para parques científico-tecnolóxicos, fondos do MEC, do MCT, así como da Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia. Son fondos que se ingresan dunha soa vez pero que financian obras de carácter plurianual.

II. 2 Criterios de previsión

A previsión de ingresos para 2008 está feita con hipóteses de crecemento que poden ser cualificadas como prudentes. O seu resultado por capítulos, conceptos e subconceptos figura resumido no cadro 2.

CADRO 2: ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2008 POR CAPÍTULOS

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do ingreso	Subcto.	Cto.	Art.
Capítulo III. Prezos públicos						
31			Prezos públicos			14.741.079
	310		Dereitos de matrícula en cursos e seminarios		351.545	
	311		Cuotas de instalacións deportivas		116.000	
	313		Dereitos de matrícula e servizos académicos		14.273.528	
	319		Outros prezos públicos		6	
32			Outros ingresos procedentes			871.806
	327		Servizos prestados por activ. investigadoras		370.000	
	328		Dereitos de custos indirectos		501.800	
	329		Outros ingresos		6	
33			Venda de bens			46.000
	330		Venda de publicacións propias		6.000	
	332		Venda de sobres de matrícula		40.000	
38			Reintegro de operacións correntes			12
	380		De exercicios pechados		6	
	381		De orzamento corrente		6	
39			Outros ingresos			37.000
	399		Ingresos diversos		37.000	
Total capítulo III						15.695.897
Capítulo IV. Transferencias correntes						
40			Da Admón. do Estado			2.011.000
	400		Do MEC		2.011.000	
41			De organismos autónomos administrativos			775.486
	410		De organismos autónomos		775.486	
45			Da Comunidade Autónoma			100.182.486
	450.00		Fondo de financiamento incondicionado	89.323.656		
	450.01		Sexenios e complementos autonómicos	3.513.489		
	450.02		Fondo de nivelación	2.837.086		
	450.03		Prazas vinculadas e persoal de investigación	3.392.923		
	450.09		Outras subvencións	1.115.332		
46			De corporacións locais			137.700
	460		De concellos		55.000	
	461		De deputacións		82.700	
47			De empresas privadas			398.035
	470		De empresas privadas		398.035	
48			De familias inst. sen lucro			94.939
	481		Institucións sen ánimo de lucro		93.639	

489	Federacións deportivas	1.300	
49	Do exterior		249.916
490	Da Unión Europea	249.916	
Total capítulo IV			103.849.562
Capítulo V. Ingresos patrimoniais			
50	Intereses de títulos e valores do estado		100.000
500	Intereses da débeda do estado	100.000	
52	Interese de depósitos		590.000
520	Interese de contas c/c	590.000	
55	Produtos de concesións administrativas		65.000
550	Canons	65.000	
Total capítulo V			755.000
Capítulo VII. Transferencias de capital			
70	Da Admón. do Estado		6.578.435
700	Do MEC	6.578.435	
74	De empresas públicas e outros entes públicos		50.000
741	Doutros entes públicos	50.000	
75	Da Comunidade Autónoma		19.865.643
750.00	RAM	1.642.926	
750.01	Axudas de investigación	2.459.309	
750.02	Proxectos de investigación	6.591.627	
750.03	Infraestrutura de investigación	2.323.000	
750.04	Obras novas	4.657.843	
750.05	Contrato-programa	852.938	
750.09	Outros ingresos	1.338.000	
76	De corporacións locais		135.006
760	De concellos	6	
761	De deputacións	135.000	
77	De empresas privadas		3.077.355
770	Doutras empresas	6	
771	Contratos de investigación	3.077.349	
79	Do exterior		7.291.440
790	Da U.E.	7.291.440	
Total capítulo VII			36.997.879
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros			
87	Remanente de tesourería		12.385.334
870	Remanente de tesourería	12.385.334	
Total capítulo VIII			12.385.334
Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros			
91	Préstamos recibidos		4.500.000
911	Anticipos reintegrables	4.500.000	
Total capítulo IX			4.500.000
Total ingresos			174.183.672

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos en cada capítulo foron os seguintes:

Capítulo III: “Prezos públicos” – Inclúe os ingresos por dereitos de matrícula, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións, venda dos sobres de matrícula e ingresos por arrendamentos. O seu importe total é de 15.695.897 €, cun incremento de practicamente o 2 % sobre os ingresos consignados no orzamento de 2007.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: neste concepto incorpóranse 351.545 euros de ingresos obtidos polo Centro de Linguas, polos cursos e obradoiros de extensión universitaria así como polos cursos de formación complementaria.

Concepto 311: compútanse os ingresos por cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas, cunha previsión conservadora na liña do estimado no exercicio precedente.

Concepto 313: tras varios exercicios mantendo constante a previsión de ingresos por este concepto, este ano experimenta unha lixeira subida, consecuencia da imputación a esta partida dos ingresos polos dereitos de matrícula nas titulacións propias de Deseño Téxtil e Moda, Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Ciencias Policiais e Detective Privado e Información Técnica do Medicamento, así como o Curso de aptitude pedagóxica e os cursos para maiores. Ademais, tamén se imputan a esta partida os ingresos dos novos cursos de posgrao para o ano 2008.

Concepto 327: este concepto inclúe a facturación do CACTI, que na previsión realizada se incrementa en termos nominais na liña da continua expansión da actividade realizada por este centro. Compútase aquí tamén o importe correspondente ao 10 % sobre matrículas de cursos de formación e mestrados.

Concepto 328: o importe consignado neste concepto inclúe o 10 % dos custos indirectos da facturación por contratos con empresas privadas que se xestionan a través do servizo de apoio á investigación.

Concepto 332: neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de sobros de matrícula.

Concepto 399: por último, o importe consignado neste concepto inclúe os posibles cobros que non se axustan á clasificación económica con exactitude. Son os que denominamos *outros ingresos* e que neste caso recolle os ingresos por actividades deportivas.

Os demais conceptos e subconceptos deste capítulo III de ingresos practicamente non experimentan alteración nos importes consignados en 2007.

Capítulo IV: “Transferencias correntes” – Neste capítulo compútanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Estado central e os seus ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas. En particular, están incluídas as achegas para financiar a contratación de doutores do programa Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Parga Pondal e demais persoal de I+D+i, así como as achegas do Plan de financiamento para o fondo incondicionado, sexenios de investigación e complementos autonómicos, e Fondo de nivelación. En conxunto, constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo, cun volume total de 103.849.562 euros e un aumento do 11,5 % sobre os fondos consignados neste capítulo do orzamento de 2007.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está feita da seguinte maneira:

Concepto 400: inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas de investigadores contratados Ramón y Cajal e Juan de la Cierva, así como os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D e técnicos en infraestruturas.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia. A partir do establecido no *PF*, a súa orixe e importes explícanse do seguinte xeito:

Subconcepto 450.00: “Fondo de financiamento incondicionado”. O importe da transferencia corrente incondicionada da Xunta de Galicia á Universidade de Vigo en 2008 fíxose depender no *PF* da evolución equivalente experimentada polos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia. Estes ingresos aumentan no orzamento da comunidade autónoma para 2008 a unha taxa anual do 8,3 %. En consecuencia, o importe deste ingreso para a Universidade de Vigo en 2008 medrará na mesma contía sobre os fondos recibidos en 2007 por igual subconcepto, é dicir:

. Dotación de 2007	82.477.983
. Previsión do <i>PF</i> para 2008: taxa de variación dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da CA: + 8,3 %	
. Dotación de 2008: $82.477.983 \times 1,083$	89.323.656

Subconcepto 450.01: “Financiamento da calidade de docencia e investigación”. Este fondo achega transferencias correntes afectadas para financiar dous conceptos salariais: sexenios de investigación e complementos autonómicos. O seu punto de partida foron as certificacións autenticadas polo servizo de persoal da Universidade de Vigo e recoñecidas pola Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia no ano base 2005. A partir de aquí, o *PF* fixa un crecemento deste fondo que varía para os

seguintes anos. En concreto, para 2008 fixa un incremento do 13 % sobre o importe consignado en 2007. En consecuencia, o importe que se vai percibir en 2008 será:

. Dotación de 2007	3.109.282
. Previsión do <i>PF</i> para 2008: incremento do 13 %	
. Dotación de 2008: $3.109.282 \times 1,13$	3.513.489

Subconcepto 450.02: “Fondo de nivelación”. Para 2008, o *PF* fixa o crecemento deste fondo nun punto por riba da taxa aplicada no *Fondo de financiamento incondicionado*. Polo tanto, en 2008 computárase por este concepto a seguinte cantidade:

. Dotación de 2007	2.595.687
. Previsión do <i>PF</i> para 2008: incremento do 9,3 %	
. Dotación de 2008: $2.595.687 \times 1,093$	2.837.086

Subconcepto 450.03: “Prazas vinculadas e persoal de investigación”. Este subconcepto incorpora as transferencias da Xunta de Galicia para financiar o programa dos investigadores Parga Pondal, María Barbeito, Angeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto. Ademais, incorpora transferencias para as denominadas “*prazas vinculadas*” docentes que exercen no Servizo Galego de Saúde.

Subconcepto 450.09: “Outros ingresos”. Este subconcepto incorpora outras transferencias da Xunta de Galicia de entidade menor e perfil diverso. En 2008 o importe deste subconcepto é de 1.115.332 euros e compútanse ingresos por transferencias procedentes, entre outros organismos, da Dirección Xeral do Voluntariado, da Dirección Xeral de Universidades, da Consellaría de Pesca e da Dirección Xeral de I+D.

Conceptos 460 e 461: compútanse nestas epígrafes os ingresos acordados co Concello e coa Deputación de Pontevedra, que achegarán 55.000 euros cada un para

colaborar no financiamento do título propio de Deseño Téxtil e Moda. A Deputación de Pontevedra e a Deputación de Ourense achegan tamén financiación para diferentes actuacións relacionadas cos estudantes.

Concepto 470: por último, no concepto 470 compútase como ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas, sendo salientable a procedente do Banco Santander Central-Hispano por importe de 200.000 euros. Tamén se recollen as achegas de Caixanova e Caixa Galicia para o financiamento de diferentes cátedras.

O resto do capítulo IV mantense sen alteración, deixando abertas diversas partidas cun importe simbólico de seis euros, en previsión de que durante o exercicio poidan producirse outro tipo de transferencias correntes non concretadas no intre de elaborar este documento orzamentario.

Capítulo V: "Ingresos patrimoniais" – Inclúense xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes da tesourería.

Capítulo VII: "Transferencias de capital" – A maior parte dos ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos con concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por contratos con institucións e empresas e por transferencias da Xunta en concepto de apoio á investigación, contrato-programa, obra nova e RAM. A continuación explícase por separado a previsión realizada para estes diferentes tipos de ingresos:

Conceptos 700, 710 e 709: nestes conceptos compútanse os ingresos con concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Central do Estado (MEC, MMA etc.), así como os custos indirectos a eles asociados. O principal aspecto salientable é a continuidade no nivel de éxito alcanzado. Polo demais, a repercusión destes ingresos non xera marxe para a institución no seu conxunto, xa que son ingresos afectados aos

gastos e figurarán despois polo mesmo importe no programa 122P da Vicerreitoría de Investigación.

Concepto 750: neste concepto compútanse todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, incluíndo os diversos fondos contemplados no *PF* e os ingresos obtidos por proxectos e infraestruturas de investigación. Estes ingresos cobren un amplo abano de obxectivos. Seguindo unha orde contable, os conceptos e importes son os seguintes:

Subconcepto 750.00: "R.A.M". Esta transferencia forma parte do denominado *Fondo de investimentos* no *PF*, e está definida para ser aplicada ao investimento de reposición, ampliación e mellora (RAM). O seu importe fixo é de **1.642.926** euros para todo o período 2005-2010.

Subconcepto 750.01: "Axudas a investigación". Inclúe o ingreso procedente do *Fondo de apoio á investigación*, determinado de acordo coas normas do *PF* do seguinte xeito:

- Dotación de 2007	2.176.380
- Previsión do <i>PF</i> para 2008: incremento do 13 %	
- Dotación de 2008: $2.176.380 \times 1,13$	2.459.309

Subconceptos 750.02 "Proxectos de investigación" e 750.09 " Outros ingresos". Nestes subconceptos computamos dous tipos de ingresos relacionados. Por unha banda, 6.591.627 euros no 750.02, obtidos mediante concorrencia nas convocatorias de proxectos de investigación da Xunta de Galicia; e pola outra, na conta 750.09, computamos 1.338.000 euros obtidos tanto por custos indirectos como por outras achegas da CC.AA. que non teñen carácter recorrente.

Subconcepto 750.03: “ Infraestructuras de investigación”. Estimación dos ingresos que se poderán obter en 2008 para a adquisición de infraestructuras de investigación. Inclúese neste concepto a contribución da Xunta de Galicia para o abono de préstamos reintegrables concedidos polo Ministerio de Educación.

Subconcepto 750.04: “ Obras novas”. Como foi sinalado con anterioridade, as transferencias por *obra nova* forman parte do *Fondo de investimentos* definido polo PF para todo o sexenio 2005-2010. O seu importe fixo é de **4.657.843** euros.

Subconcepto 750.05: “ Contratos-programa”. Neste subconcepto compútanse os ingresos recibidos da Xunta de Galicia polo denominado *Contrato-programa*, instrumento definido polo PF dentro do *Fondo de calidade*. A súa evolución está prefixada, correspondéndolle a 2008 un incremento do 13 % sobre a súa dotación en 2007. En consecuencia, o seu importe para o presente exercicio será:

- Dotación de 2007 754.812
- Previsión PF para 2008: incremento do 13 %
- **Dotación de 2008: $754.812 \times 1,13$ 852.938**

Concepto 771: “Contratos de investigación”. Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe —3.077.349 euros— supón un aumento substancial sobre o consignado no pasado exercicio.

Concepto 790: “Da U.E.”. Por último, neste concepto consígnanse os ingresos obtidos nas últimas convocatorias Feder ás que ten acudido a Universidade de Vigo, e que se acada financiamento por un importe de 7.291.440 euros.

Capítulo VIII: “Variación de activos financeiros” – Este capítulo de ingresos inclúe basicamente os remanentes da tesourería. Unha parte do importe deste remanente

correspóndese con ingresos que foron recibidos no exercicio 2006 en concepto de préstamos e que deben financiar gastos que se van executar ao longo dos exercicios de 2006, 2007 e 2008. O gasto vai ser plurianual, pero o ingreso realizouse integramente no exercicio 2006. Outra parte importante procede do remanente de libre disposición de 2006 pendente de incorporar.

De feito, dos 12,4 millóns de euros de remanente que se incorporan para 2008, 3 millóns teñen a súa orixe nos saldos dos créditos das partidas de infraestruturas Feder e Parques Científicos, que son remanentes das partidas de gastos 629.03 e 629.11.

O resto da cifra está explicada polos seguintes factores: 1,1 millóns de euros asignados ao exercicio de 2007 nos convenios asinados coa Xunta de Galicia e que corresponden ao Programa de desgravacións en POD por actividades de I+D+i (391.000 euros) e ao Programa de infraestruturas (800.000 euros) e 6,6 millóns de euros proceden de remanentes de libre disposición de 2006 non incorporados en 2007. A diferenza ata o importe total do remanente, 1,7 millóns de euros, compoñen o exceso de ingresos non orzamentados en cantidades pouco significativas e remanentes de gastos correntes e de investimento non executados ao longo do exercicio e tamén de escasa entidade.

No capítulo IX compútase o importe do anticipo concedido para o financiamento das obras previstas e que alcanza a cifra de 4,5 millóns de euros.

Este é o detalle das previsións empregadas no cómputo de ingresos para 2008. En conxunto, a Universidade de Vigo vai manexar no vindeiro exercicio un total de 174.183.672 euros, un 14 % máis que os ingresos consignados no exercicio precedente.

III. ORZAMENTO DE GASTOS

Estructura por capítulos

No Cadro 3 resúmese o orzamento de gastos por capítulos para 2008 e a súa comparación coas magnitudes equivalentes de 2007.

CADRO 3: ORZAMENTO DE GASTOS PARA 2008 - COMPARACIÓN CO EXERCICIO 2007

Exercicios	2007		2008		Variacións (en %) [(B) - (A)] / (A)
	Val. Brutos (A)	% s/total	Val.brutos (B)	% s/total	
Cap.I	79.075.271	51,87	86.986.400	49,94	10,00%
Cap. II	22.335.539	14,65	25.983.688	14,92	16,33%
Cap. III	73.003	0,05	73.003	0,04	0,00%
Cap. IV	4.293.884	2,82	5.321.398	3,06	23,93%
Operacións correntes	105.777.697	69,39	118.364.489	67,95	11,90%
Cap. VI	44.356.632	29,10	51.952.605	29,83	17,12%
Cap. VIII	1.090.000	0,72	1.800.000	1,03	65,14%
Cap. IX	1.211.028	0,79	2.066.578	1,19	70,65%
Operacións capital	46.657.660	30,61	55.819.183	32,05	19,64%
TOTAIS	152.435.357	100,00	174.183.672	100,00	14,27%

En canto á composición do gasto, o 32 % do total de gastos da Universidade de Vigo para 2008 son gastos de capital, dos cales un 95 % son investimentos directos do capítulo VI. En canto á súa evolución por capítulos con respecto aos gastos do orzamento de 2007, podemos destacar os seguintes feitos.

Por unha banda, os capítulos IV, VIII e IX experimentan os maiores incrementos relativos, aínda que con magnitudes moi diferentes.

No referente ao Capítulo IV, que recolle as transferencias correntes, o seu incremento obedece fundamentalmente ao incremento na aportación realizada no Consorcio Bugalicia, cun incremento do 32 % con respecto ao exercicio 2007, a crecente participación da Universidade de Vigo en consorcios e fundacións de interese público e, por último, ao incremento no número e contía das bolsas. Con respecto a esta última

liña compre destacar que neste exercicio faise un especial esforzo por incrementar as bolsas de terceiro ciclo tras varios anos sen actualización.

Polo que respecta ao capítulo IX, o forte incremento que experimenta reflicte o peso das amortizacións de anticipos. Este feito tenderá a ser crecente no tempo, xa que, tras o período de carencia inicial, comezan a vencer os préstamos aos que ten concorrido a Universidade en convocatoria pública nunhas condicións financeiras moi favorables. Non obstante, lembremos que a Xunta, a través dos convenios asinados coa Consellaría de Innovación e Industria, financia máis do 50 % dos importes do capítulo IX. Por último, o incremento do capítulo VIII débese á concorrencia por parte da Universidade de Vigo da ampliación de capital da cidade universitaria. A previsión que se fai é de 1,710 millóns de euros.

Finalmente, os capítulos I, II, e VI, que representan preto do 95 % da totalidade do gasto, son os que medran en menor proporción.

No cadro catro podemos observar outro indicador da situación saneada que en termos financeiros presenta a Universidade de Vigo. Obtense comparando os saldos das operacións correntes e de capital, que serán en todo caso de igual contía pero de signo contrario.

CADRO 4: ORZAMENTO 2008 POR CAPÍTULOS DE GASTO E INGRESO
Comparación de saldos correntes e de capital

Capítulos orzamentarios	Ingresos	Gastos	Capítulos orzamentarios
Cap.III - Prezos públicos	15.695.897	86.986.400	Persoal - Cap. I
Cap. IV - Transfer. Correntes	103.849.562	25.983.688	Gastos correntes - Cap. II
Cap. V - Ingresos patrimon.	755.000	73.003	Gastos financeiros - Cap. III
		5.321.398	Transfer. Correntes - Cap. IV
Operacións Correntes	120.300.459	118.364.489	Operacións correntes
SALDO CORRENTE	1.935.970		SALDO CORRENTE
Cap. VII - Transfer. capital	36.997.879	51.952.605	Inversións reais - Cap. VI
Cap. VIII- Var. act. financ.	12.385.334	1.800.000	Activos financeiros - Cap. VIII
Cap. IX - Var. pas. financ.	4.500.000	2.066.578	Pasivos financeiros - Cap. IX
Operacións de capital	53.883.213	55.819.183	Operacións de capital
SALDO CAPITAL	-1.935.970		SALDO CAPITAL

O importante neste caso é que para a Universidade de Vigo o saldo das operacións correntes é positivo, o que lle permite xerar un aforro de 1,9 millóns de euros para dedicalo a investimento.

Orzamento de gastos por programas

Neste exercicio orzamentario, co obxecto de avanzar na adaptación do orzamento a estrutura definida pola comunidade autónoma, vanse realizar unha serie de modificacións que se detallan a continuación.

Modifícase a denominación do programa “Masters, cursos de especialización e outros cursos”, clasificación funcional 211M, que pasará a denominarse “Formación e innovación educativa”. Neste programa M véñense executando todas as accións de innovación educativa que cada ano cobran unha maior importancia. A denominación orixinal do programa non se axeitaba ao seu contido real, xa que soamente se incluía formación (masters, cursos, etc), polo que procede adecuar a denominación do programa ao seu contido real. Así mesmo inclúese esta clasificación funcional dentro das que se xestionan polos servizos centrais, clasificación orgánica 0000, e corríxese deste xeito un erro do orzamento de 2007 que asociaba esta clasificación funcional á orgánica 0023 “Servizo de Extensión Universitaria”.

Créase unha clasificación orgánica para a biblioteca universitaria, que identificará os créditos xestionados exclusivamente no Programa 122B e que se denominará **BUV1** “Biblioteca universitaria”.

Suprímese a clasificación funcional do C.A.C.T.I., para axustar a definición dos programas ao establecido na doutrina ao efecto. O C.A.C.T.I. é un centro de apoio á investigación, polo que en puridade non é un programa de gasto senón un centro de xestión. Polo tanto debe ser identificado cunha clasificación orgánica, dentro do programa de “Fomento de proxectos de investigación”, que queda establecida como

CAT1. Este cambio na definición non significa ningunha modificación na dotación orzamentaria.

Dentro do mesmo programa “Fomento de proxectos de investigación” inclúese a dotación para a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, que se identificará coa correspondente clasificación orgánica que se establece como **EMT1**.

Como consecuencia destas modificacións a clasificación funcional 122F, terá o orzamento correspondente a catro clasificacións orgánicas: 0022, 0033, CAT1, EMT1. A clasificación orgánica 0022 “Servizo de Apoio á Investigación” define unha estrutura contable e financeira que recolle a xestión das actividades relacionadas coa investigación así coma a adquisición e posta en marcha das grandes infraestruturas de investigación. Na clasificación orgánica 0033 recolle a actividade específica da Oficina de I+D+i. A clasificación orgánica CAT1 recolle os créditos destinados ao “Centro de Apoio Científico Tecnolóxico a Investigación” e a EMT1 recolle a actividade específica da “ Estación de Ciencias Mariñas de Toralla”.

O avance no proceso de descentralización leva a que neste exercicio a clasificación orgánica PON1 se lle asocie a clasificación funcional 211A “Actividade física e deportiva” co que o Campus de Pontevedra ten o mesmo grao de descentralización que o Campus de Ourense.

Por último, dentro da clasificación funcional 214K créase un novo subprograma que recolle as dotacións orzamentarias referentes á área de imaxe e comunicación (CIN).

Estamos a falar, polo tanto, de 15 programas de actuacións coa finalidade de asignar mellor as responsabilidades e precisar con claridade os obxectivos de cada un deles.

Continuando coa orde de memorias de exercicios precedentes, a relación de clasificacións orzamentarias tras as modificacións funcionarias e orgánicas correspondentes a 2008 é a seguinte:

<u>Denominación</u>	<u>Clasificación</u>	<u>Clasificación</u>
	<u>orgánica</u>	<u>funcional</u>
1- Fomento de proxectos de investigación	0022	122F
2- Oficina de I+D	0033	122F
3- Proxectos de investigación con financiamento externo	segundo proxectos	122P
4- Formación de investigadores	0022	122I
5- Biblioteca universitaria	BUV1	122B
6- CACTI	CAT1	122F
7- Departamentos	segundo departamentos	122H
8- Innovación e calidade	0000	300V
9- Relacións institucionais	0000	214K
10- Centro de Linguas	LING	214K
11- Acción de intercambio	ORI1	211R
12- Actividades culturais e solidariedade- Campus de Vigo	0023	211E
13- Actividades culturais e solidariedade- Campus de Pontevedra	PON1	211E
14- Actividades culturais e solidariedade- Campus de Ourense	OUR1	211E
15- Actividade física e deportiva – Campus deVigo	0023	211A
16- Actividade física e deportiva - Campus de Ourense	OUR1	211A
17- Docencia e alumnado	0000	211D
18- Formación e innovación educativa	0000	211M
19- Servizos de Xestión Descentralizada	segundo centros	300C
20- Servizos de Xestión Centralizada	0000	300S
21- Servizos de Xestión Centralizada	OUR1	300S
22- Servizos de Xestión Centralizada (OMA)	0044	300S
23- Servizos de Xestión Centralizada	PON1	300S
24- Actuacións para a converxencia co espazo europeo	0000	211L
25- Unidade técnica	UNIT	300S
26- Consello Social	00CS	300S
27- Actividade física e deportiva – Campus Pontevedra	PON1	211A
28- ECIMAT	EMT1	122F

A evolución cuantitativa dos programas recóllese no cadro 5

CADRO 5: EVOLUCIÓN DOS PROGRAMAS DE GASTO PARA 2008

PROGRAMAS		2007 (A)	2008 (B)	Incremento Bruto (B-A=C)	Taxa de incremento (C/A)
0022	122F	16.609.337	16.650.478	41.141	0,25%
0033	122F	296.164	331.500	35.336	11,93%
Proxectos	122P	9.310.000	15.894.638	6.584.638	70,73%
0022	122I	1.626.000	1.637.000	11.000	0,68%
BUV1	122B	2.717.118	2.897.560	180.442	6,64%
CAT1	122F	689.012	789.880	100.868	14,64%
Departament.	122H	1.437.576	1.972.715	535.139	37,23%
0000	300V	2.303.000	2.497.000	194.000	8,42%
0000	214K	813.200	1.424.708	611.508	75,20%
LING-	214k	270.000	275.000	5.000	1,85%
ORI1	211R	1.793.710	2.196.025	402.315	22,43%
0023	211E	738.700	831.700	93.000	12,59%
PON1	211E	281.300	290.687	9.387	3,34%

OUR1	211E	212.000	259.500	47.500	22,41%
0023	211A	419.452	424.760	5.308	1,27%
OUR1	211A	159.500	239.200	79.700	49,97%
0000	211D	2.606.639	2.668.885	62.246	2,39%
0000	211M	355.264	462.756	107.492	30,26%
2°Centros	300C	5.929.516	6.764.797	835.281	14,09%
0000	300S	87.999.280	97.111.409	9.112.129	10,35%
OUR1	300S	3.931.733	3.556.064	-375.669	-9,55%
0044	300S	575.328	875.328	300.000	52,14%
0000	211L	281.000	608.000	327.000	116,37%
PON1	300S	3.231.706	3.929.781	698.075	21,60%
UNIT	300 S	7.420.822	8.862.769	1.441.947	19,43%
00CS	300 S	325.000	395.000	70.000	21,54%
PON1	211A	0	162.850	162.850	100,00%
EMT1	122F	0	173.682	173.682	100,00%
TOTAIS		152.332.357	174.183.672	21.851.315	14,34%

As dúas últimas columnas recollen os incrementos brutos e relativos con respecto á súa dotación no exercicio anterior. En xeral, podemos falar do incremento xeneralizado en todos os programas de gasto.

Os programas con maiores incrementos en termos relativos son o Programa de actuacións para a converxencia co espazo europeo, o de proxectos de investigación con financiamento externo, o da Oficina de Medio Ambiente, o de relacións institucionais, o de formación e innovación educativa e o de accións de intercambio. Reflicten, polo tanto, a aposta pola internacionalización, a investigación e a docencia sen esquecer o compromiso da institución co desenvolvemento da súa actividade en termos de sostenibilidade do medio natural.

En canto á aplicación 0022 122I, formación de investigadores, no que aparece reflectido un incremento próximo a cero con respecto ao exercicio 2007, cómpre facer unha aclaración. Neste exercicio 2008, a partida de axudas a terceiro ciclo (641.00), que formaba parte do Programa de formación de innovación, integrouse no programa Departamentos. Por este motivo, aparece un forte crecemento no programa Departamentos e un moi cativo incremento no programa Formación de investigadores.

Unha comparación estrita deste programa nos dous exercicios levaría a falar dun incremento do 15 % con respecto ao exercicio 2007.

Polo que se refire á dotación orzamentaria da aplicación OUR1 300S, a redución que experimenta ten que ver co remate das obras do CITI, que supuxeron un forte esforzo orzamentario en exercicios precedentes. Este descenso está en contraste co resto de programas do campus, OUR1 211A e OUR1 211E, con incrementos do 49 % e do 22 %, respectivamente. Nestes orzamentos da orgánica OUR1 están contemplados a posta en marcha de distintos programas no Campus de Ourense, entre os que destaca a creación dun gabinete psico-pedagóxico, a posta en marcha do programa “Ponte en forma” e o programa Campus terrae de compromiso coa sostenibilidade e o medio natural. Así mesmo, no programa 122P, *Proxectos de investigación con financiamento externo*, aparece recollido na partida 647 o crédito de 135.000 euros para o Programa especial de promoción da investigación no Campus de Ourense, convocatoria INOU, e que financia a Deputación de Ourense.

Pasamos a continuación a describir os obxectivos e principais contidos dos distintos programas, facendo fincapé nas principais propostas/cambios que presenten.

Programa: “Fomento de proxectos de investigación”

A) Orgánica: 0022 - Funcional: 122F

Nos orzamentos de 2008 esta orgánica experimenta un lixeiro incremento respecto á súa dotación no exercicio de 2007.

Por partidas, o volume máis importante acádano as partidas abdicadas á adquisición e realización de infraestruturas de investigación que, concretamente, son as partidas 629.03 (infraestrutura centralizada máis parques) e 629.11 (infraestrutura Feder). Este gasto é posible grazas á captación por parte da institución de fondos Feder e da

participación nas convocatorias do Ministerio de Educación e de Parques Científico-Tecnolóxicos.

Os gastos deste programa están dedicados tanto á adquisición de equipos centralizados de investigación e rede informática como a obras de infraestrutura. As máis salientables para o exercicio de 2008 son: o módulo de ampliación do CACTI, xa licitado, o módulo tecnolóxico industrial que se atopa en fase de execución, o módulo de animalario e servizos biosanitarios que está en fase de licitación e o centro de investigacións biomédicas que está en fase de deseño e que se licitará ó longo de 2008. Tamén se inclúe aquí a segunda fase da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla.

Programa: Fomento de Proxectos de Investigación
Orgánica: 0022 Funcional 122F

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material subministración e outros			70.500
	220		Material de oficina		10.000	
	226		Gastos diversos		17.500	
		226.01	Atencións protocolarias	1.500		
		226.02	Publicidade e propaganda	10.000		
		226.99	Outros gastos	6.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		40.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	40.000		
	228		Cursos e conferencias		3.000	
		228.02	Conferencias	3.000		
23			Indemnización por razón de servizos			10.000
	230		Axudas de custo e locomoción		10.000	
		230.01	Administración	10.000		
27			Publicacións			130.000
	270		Edicións e publicacións		130.000	
			Total capítulo II			210.500
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen lucro			6.000
	484		Outras		6.000	
		484.04	Subvencións de actividades de desenvolvemento	6.000		
			Total capítulo IV			6.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asociados ao funcionamento serv.			12.964.152
	629		Infraestrutura de investigación		12.964.152	
		629.03	Infraestrutura centralizada	6.272.712		
		629.11	Infraestrutura FEDER	6.691.440		
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			1.403.248
	641		Axuda xeral á investigación		1.400.000	

	641.02	Axudas aos equipos de investigación	1.400.000	
643		Centros de investigación		3.248
	643.03	I.E.A.	3.248	
Total capítulo VI				14.367.400
Capítulo IX. Variación pasivos financ.				
91		Préstamos recibidos		2.066.578
	911	Amortización de préstamos a longo prazo		2.066.578
Total capítulo IX				2.066.578
TOTAL CRÉDITOS 0022 122F				16.650.478

No referente ás axudas a equipos de investigación, hai que lembrar a forte suba realizada no ano 2007 no tocante ós contratos-programa para grupos de referencia e consolidados. Neste ano, tendo en consideración os grupos que xa teñen financiamento autonómico (incompatible coa axuda propia), non se sobe esta partida, xa que o número total de grupos con financiamento (sumando os financiados pola Consellaría de Educación, os financiados pola Dirección Xeral de I+D e os que acadan financiamento propio) se estiman suficientes. Si se incrementan pola contra as partidas de financiamento de proxectos do VII Programa marco, as axudas a grupos emerxentes e establécese unha nova axuda para primar o agrupamento de investigadores.

Por último, cabe destacar o incremento que experimenta o capítulo IX, amortización de préstamos a longo prazo, debido aos vencementos dos préstamos MEC. Lembremos que son préstamos obtidos en condicións moi vantaxosas: tres anos de carencia e taxa de xuro cero. Cómpre sinalar os convenios nos que a Xunta de Galicia se compromete a financiar os anticipos MEC, que se concreta a citada axuda na aportación anual para a devolución dos mesmos

B) Orgánica: 0033 (Oficina de I+D) – Funcional: 122F

A dotación desta clasificación orgánica para 2008 continúa a dar apoio ás actividades desenvolvidas pola Oficina de I+D que engloban cuestións como a promoción da interrelación entre a Universidade e a empresa para a realización de actividades de I+D, a xestión das actividades contratadas de I+D con asesoramento, negociación e tramitación dos contratos, o asesoramento sobre a xestión da propiedade industrial, a xestión de proxectos internacionais de I+D ou a execución de proxectos de transferencia tecnolóxica, entre outros cometidos. Dada a recente concesión polo MEC de cofinanciamento para a creación dunha Oficina de Proxectos Internacionais, medra o orzamento para acoller as novas contratacións previstas na devandita concesión. Esta nova Oficina dependerá, na primeira fase, da Oficina de I+D.

**Programa: Fomento de Proxectos de investigación
Orgánica: 0033: Oficina de I+D Funcional 122F**

Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
21			Reparación e conservación			2.500
	215		De mobiliario e equipamento		2.500	
22			Material, subministración e outros			90.000
	220		Material de oficina		6.000	
	222		Comunicacións		2.000	
	226		Gastos diversos		25.000	
		226.01	Atencións protocolarias	7.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	15.000		
		226.99	Outros gastos	3.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		50.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	50.000		
	228		Cursos e conferencias		7.000	
		228.02	Conferencias	7.000		
23			Indemnización por razón de servizos			20.000
	230		Axudas de custo e locomoción		20.000	
		230.01	Administración	20.000		
			Total capítulo II			112.500
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Investimentos asoc. funcionamento servizos			9.000
	625		Mobiliario e equipamento		9.000	
64			Gastos de investimentos de carácter inmaterial			210.000
	641		Axuda xeral á investigación		210.000	
		641.06	Axuda transferencia de resultados de investig.	210.000		
			Total capítulo VI			219.000
			TOTAL CRÉDITO 0033 122F			331.500

C) Orgánica:CAT1 - (C.A.C.T.I.) - Funcional: 122F

A dotación orzamentaria para o CACTI desdóbrase para que figuren por separado a dotación para os gastos relativos á Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) que neste momento xa ten un funcionamento case que a pleno rendemento, e a dotación correspondente aos gastos de funcionamento dos servizos de apoio á investigación que presta o CACTI. En canto aos servizos de apoio que presta o CACTI, a única suba correspóndese cos gastos de reparación e mantemento. Isto explícase por unha banda polo maior parque de equipos instalados, que chegou no ano 2007 á máximos históricos e, por outra banda, ó maior desgaste dos equipos máis vellos, que incrementan a frecuencia de avarías.

Pero non só se trata de atender estas novas necesidades, este incremento tamén obedece á adquisición do novo equipamento que repercute nos gastos relacionados coa reparación e conservación de maquinaria pero que tamén ten o seu reflexo positivo no incremento do seu patrimonio científico froito do crecente número de actividades de apoio á investigación nas que participa o centro.

**PROGRAMA: Fomento Proxectos de Investigación (C.A.C.T.I.)
Orgánica: CAT1 Funcional: 122 F**

Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e serv.			
21			Reparación e conservación			298.880
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		280.000	
	215		De mobiliario e equipamento		18.880	
22			Material, subministración e outros			363.000
	220		Material de oficina		12.000	
	221		Subministracións		325.000	
		221.01	De servizos administrativos	325.000		
	226		Gastos diversos		1.000	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		25.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	25.000		
23			Indemnización por razón de servizos			6.000
	230		Axudas de custo e locomoción		6.000	
		230.01	Administración	6.000		
			Total capítulo II			667.880
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen fins de lucro			72.000

482	Bolsas	72.000	
482.08	Bolsas de apoio a centros tecnolóxicos e de investigación	72.000	
Total capítulo IV			72.000
Capítulo VI. Inversións reais			
62	Invest. asoc. funcionamento servizos		50.000
625	Mobiliario e equipamento	50.000	
Total capítulo VI			50.000
TOTAL CRÉDITOS CAT1 122 F			789.880

D) Orgánica: EMT1 -(Estación Ciencias Mariñas) - Funcional: 122F

Programa: Fomento proxectos de investigación

Orgánica: EMT1 (Estación Ciencias Mariñas de Toralla) Funcional 122 F

Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
21			Reparación e conservación			50.662
	212		De edificios e outras construcións		16.181	
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		34.481	
22			Material, subministración e outros			95.100
	220		Material de oficina		1.000	
	221		Subministración		54.000	
		221.01	De servizos administrativos	54.000		
	226		Gastos diversos		15.100	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
		226.99	Outros gastos	14.100		
	227		Traballos realizados por outras empresas		25.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	25.000		
23			Indemnización por razón de servizos			1.000
	230		Axudas de custo e locomoción		1.000	
		230.01	Administración	1.000		
Total capítulo II						146.762
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institución sen fins de lucro			16.920
	482		Bolsas		16.920	
		482.08	Bolsas apoio a centros tecnolóxicos e de investigación	16.920		
Total capítulo IV						16.920
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Investimentos asoc. funcionamento servizos			10.000
	625		Mobiliario e equipamento		10.000	
Total capítulo VI						10.000
TOTAL CRÉDITO EMT1 122F						173.682

Programa: “Proxectos de investigación co financiamento externo”

Orgánica: segundo proxectos - Funcional 122P

Esquecéndose de que desde o ano pasado, por recomendación do Consello de Contas, permanecen fóra dos nosos orzamentos os proxectos executados a través de FEUGA (a pesar de seren fondos obtidos e executados polos nosos investigadores), os datos de concesións de proxectos a finais de novembro de 2007 fan pensar razoablemente nunha notable suba de ingresos e gastos en cada un dos capítulos correspondentes a esta funcional, o que queda reflectido na seguinte táboa.

Como xa se anticipou, este programa recolle a dotación de 135.000 euros para o programa Especial de promoción da investigación no Campus de Ourense, e que financia a Deputación de Ourense.

Programa: Proxectos de investigación con financiamento externo

Orgánica: segundo proxectos Funcional: 122P

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo VI. Inversións reais			
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			15.894.638
	644		Prog. inv. MEC		1.700.000	
	645		Prog. inv. XUNTA		6.822.627	
	646		Prog. inv. cofinanciados MCT		4.149.662	
	647		Prog. inv. outros organismos		145.000	
	648		Contratos investigación		3.077.349	
			Total capítulo VI			15.894.638
			TOTAL CRÉDITO 122P			15.894.638

Programa: “Formación de investigadores”

Orgánica: 0022 - Funcional: 122I

Aparecen recollidas neste programa todas as liñas propias de axuda para a formación dos investigadores, centradas basicamente no terceiro ciclo e nas actividades formativas complementarias, como reunións científicas, estadías e outras. No exercicio 2008 desaparece deste programa o subconcepto 641.00 “ Terceiro ciclo”, e pasa a formar parte do programa 122H “Departamentos”. O criterio que se tivo en conta foi que a

distribución deste subconcepto realízase exclusivamente entre departamentos e con criterios que teñen o seu fundamento nos programas de doutoramento que se imparten en cada departamento, polo que parece lóxico que a súa ubicación fose no programa 122H “ Departamentos”.

Pola experiencia acadada nestes anos, e tendo en conta a necesidade de mellorala internacionalización da nosa investigación, procédese a un incremento notable nas axudas denominadas bolsas e estadías, mentres que no resto das convocatorias existentes as subas son moito máis pequenas. Non obstante, cómpre subliñar unha liña nova de axudas como son as relativas á formación de investigadores en áreas con dificultade para captar investigadores. Trátase aquí por vez primeira de facer un esforzo na formación de doutores naquelas áreas que presenten escasez dos mesmos. O obxectivo é formar doutores que poidan concorrer ás convocatorias (Ángeles Alvariño en primeiro lugar) encamiñadas a formar investigadores competitivos. Este programa, totalmente novo, supón unha parte importante da suba, conxuntamente coa actualización do custo das bolsas de terceiro ciclo que levaba tempo sen subir e que chega a niveis algo máis parecidos ás das bolsas de convocatorias externas (segue a ser, loxicamente, algo inferior, para indicar que o correcto é, en primeiro lugar, intentar conseguir as bolsas nas convocatorias externas).

Tamén se incrementa de xeito notable a partida para proxectos europeos, e continúaase así co apoio constante ás diversas actividades que desenvolven os nosos investigadores.

Programa: Formación de investigadores/as

Orgánica: 0022 Funcional: 122 I

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap.II. Gastos correntes en bens e serv.			
22			Material, subministración e outros			12.000
		227	Traballos realizados por outras empresas		12.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	12.000		
23			Indemnización por razón de servizos			190.000
		230	Axudas de custo e locomoción		190.000	
		230.02	Teses de doutoramento	190.000		
Total capítulo II						202.000

		Cap. IV. Transferencias correntes	
48		Familias e institución sen lucro	790.000
481		Bolsas de formación invest. e profesorado	340.000
	481.01	Bolsas de viaxe	190.000
	481.02	Bolsas de estadias	150.000
482		Bolsas	450.000
	482.02	Terceiro ciclo	450.000
Total capítulo IV			790.000
<hr/>			
		Capítulo VI. Inversións reais	
64		Gastos inversións carácter inmaterial	645.000
641		Axuda xeral á investigación	645.000
	641.03	Axudas á formación de investigadores	480.000
	641.05	Reunións científicas	165.000
Total capítulo VI			645.000
TOTAL CRÉDITOS 0022 122 I			1.637.000

Programa: “Biblioteca universitaria”

Orgánica: BUV1 - Funcional: 122B

O programa de actuacións baséase en varias liñas de acción. En primeiro lugar, tres liñas completamente desenvolvidas:

- a) Mantemento da oferta de recursos de información (que inclúe tanto recursos impresos coma electrónicos) que a biblioteca universitaria pon á disposición da comunidade universitaria, así como a provisión dos servizos asociados (empréstitos, empréstito interbibliotecario, referencia e información bibliográfica, etc.)
- b) A consolidación da cooperación entre as tres Universidades do SUG a través do Consorcio Bugalicia.
- c) O mantemento e mellora do Sistema de Xestión da Calidade ISO 9001:2000 da biblioteca universitaria recentemente certificado.

Outras liñas de acción, vencelladas ó Plan estratéxico da Universidade de Vigo, e a posible reestruturación dos servizos da biblioteca (como a prestación de servizos bibliométricos, o apoio á publicación en revistas de alto impacto, o desenvolvemento da

publicación dixital de acceso aberto, a organización do arquivo universitario e o programa de protección de documentos esenciais da Universidade de Vigo) atópanse na fase inicial, e poderán nalgunha medida desenvolverse ó longo deste ano 2008 na súa iniciación.

Programa: Biblioteca universitaria

Orgánica: BUV1 Funcional: 122 B

Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
20			Arrendamentos			9600
	209		Licenzas		9.600	
21			Reparación e conservación			59.500
	212		De edificios e outras construcións		59.500	
22			Material, subministración e outros			447.360
	220		Material de oficina		56.100	
	221		Subministracións		336.760	
		221.01	De servizos administrativos	110.160		
		221.23	Medios bibliográficos dixitais	226.600		
	222		Comunicacións		6.300	
		222.03	Comunicacións postais	6.300		
	226		Gastos diversos		4.000	
		226.09	Cotas de organismos	4.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		44.200	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	40.000		
		227.09	Outros	4.200		
23			Indemnización por razón de servizos			3.100
	230		Axudas de custo e locomoción		3.100	
		230.01	Administración	3.100		
Total capítulo II						519.560
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
44			A socied. Mercant. est. entid. sen lucro, etc.			815.000
	444		Transferencias a organismos públicos		815.000	
Total capítulo IV						815.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			1.563.000
	625		Mobiliario e equipamento		106.000	
	628		O.I.M. Biblioteca		1.457.000	
		628.02	Fondos bibliográficos	1.457.000		
Total capítulo VI						1.563.000
TOTAL CRÉDITOS BUV1 122B						2.897.560

Programa: “Departamentos”

Orgánica: segundo departamentos - Funcional: 122H

Neste exercicio 2008 no programa de departamentos inclúese o subconcepto 641.00 “terceiro ciclo”, que viña incluíndose ata este ano no programa 122I “ Formación de Investigadores”, como xa se comentou na explicación deste Programa. A distribución deste importe correrá a cargo, como ata o de agora, da Comisión de Terceiro Ciclo.

O programa de Departamentos experimenta en 2008 un crecemento do 37 %, que obedece fundamentalmente á incorporación neste programa dos créditos correspondentes a Terceiro Ciclo. En relación ás partidas consignadas en 2007 o principal incremento concéntrase fundamentalmente no subconcepto 641.01 “Producción científica”, cun incremento do 15 % (105.000 euros en termos absolutos). Así mesmo, en 2008, a cantidade asignada por produción docente queda fixada en 360.000 euros.

O resto das partidas experimentan crecementos máis moderados. Os créditos que van recibir os departamentos serán os seguintes:

- a) Capítulo II – Concepto e subconceptos 220, 226.01, 228.02 e 230.05: repartiranse 317.258 euros segundo o profesorado e a dedicación.
- b) Capítulo II – Subconcepto 230.06 (axudas de custo intercampus): repartiranse 60.000 euros, segundo a docencia intercampus de cada trimestre.
- c) Capítulo II – Subconcepto 280.01 (producción docente dos departamentos): repartiranse 360.000 euros segundo os indicadores de calidade calculados pola Vicerreitoría de Innovación e Calidade.

d) Capítulo VI – Subconcepto 641.01 (producción científica): a cantidade que se vai repartir é de 805.000 euros, segundo os resultados de investigación calculados pola Vicerreitoría de Investigación.

Subconcepto 641.00 (terceiro ciclo): a cantidade que se vai repartir é de 400.000 euros, segundo os criterios da comisión de terceiro ciclo.

Programa: departamentos

Orgánica: segundo departamentos Funcional: 122H

Art.	Cto.	Subct	Denominación de gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, suministros e outros			278.171
	220		Material de oficina		104.314	
	226		Gastos diversos		104.314	
		226.01	Atencións protocolarias	104.314		
	228		Cursos e conferencias		69.543	
		228.02	Conferencias	69.543		
23			Indemnización por razóns de servizo			129.544
	230		Axudas de custo e locomoción		129.544	
		230.05	Consellos de departamento	69.544		
		230.06	Desprazamentos docentes	60.000		
28			Plan de Calidade Docente			360.000
	280		Producción docente		360.000	
		280.01	Producción docente dos departamentos	360.000		
Total capítulo II						767.715
			Cap. VI. Inversións reais			
64			Gastos de inversión de carácter inmaterial			1.205.000
	641		Axuda xeral á investigación		1.205.000	
		641.00	Terceiro Ciclo	400.000		
		641.01	Gastos de investigación dos departamentos	805.000		
			Producción científica			
Total capítulo VI						1.205.000
TOTAL CRÉDITOS 122H						1.972.715

Programa: “Innovación e calidade”

Orgánica: 0000 - Funcional: 300V

O Programa de Innovación e Calidade continúa desenvolvendo as liñas de actuación derivadas do Plan de calidade docente. Perseguido este obxectivo insístese neste exercicio na informatización dos servizos, centrándose na informatización da xestión e

seguimento de expedientes e na culminación da informatización do terceiro ciclo e dos programas oficiais de posgrao.

Destaca a continuidade do Programa de innovación enerxética, cunha dotación de 100.000 euros para dar acomodo ás actuacións relacionadas co proxecto Campus Verde, subvencionado pola Fundación Marcelino Botín.

Programa: Novas Tecnoloxías e Calidade

Orgánica: 0000 Funcional: 300 V

Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
21			Reparación e conservación			155.000
	213		De maquinaria, instalación e materiais		15.000	
	215		De mobiliario e equipamento		140.000	
		215.04	De equipos informáticos unidade admin.	140.000		
22			Material, subministración e outros			1.012.000
	220		Material de oficina		12.000	
	222		Comunicacións		600.000	
	226		Gastos diversos		23.000	
		226.09	Cotas organismos	14.000		
		226.99	Outros gastos	9.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		375.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	375.000		
	228		Cursos e conferencias		2.000	
		228.02	Conferencias	2.000		
23			Indemnización por razón de servizos			10.000
	230		Axudas de custo e locomoción		10.000	
		230.01	Administración	10.000		
Total capítulo II						1.177.000
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen lucro			745.000
	482		Bolsas		745.000	
		482.05	Bolsas de informática centros-PC	300.000		
		482.06	Bolsas informáticas Campus-SC	225.000		
		482.16	Bolsas de avaliación docente-Bolseiros enquisas	100.000		
		482.24	Bolsas dos programas de calidade-CEES	120.000		
Total capítulo IV						745.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asociados ao funcionamento dos servizos			250.000
	623		Maquinaria, instalacións e utensilios		50.000	
	625		Mobiliario e equipamento		200.000	
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			325.000
	640		Programas universitarios		325.000	
		640.00	Programas ordinarios de calidade	120.000		
		640.02	Programas extraordinarios de calidade	75.000		
		640.06	Programas virtualización postgraos	30.000		
		640.07	Programa de Innovación Enerxética	100.000		
Total capítulo VI						575.000
TOTAL CRÉDITOS 0000 300V						2.497.000

Programa: “Relacións institucionais”

Orgánica: 0000 - Funcional: 214K

O Programa de “Relacións Institucionais” contén dúas clasificacións orgánicas, nomeadamente 0000 e LING, que dan apoio a distintos servizos da Universidade de Vigo. Desta vicerreitoría depende, ademais, o programa 211 R da Oficina de Relacións Internacionais.

Co obxecto de potenciar e individualizar o esforzo relacionado coa prensa, coa imaxe e coa comunicación, dentro da clasificación funcional 214K desglosarase un subprograma, CIN, de acordo co establecido nas normas de execución do orzamento. Isto permite visualizar o esforzo orzamentario da posta en marcha das dúas novas áreas ao tempo que se centraliza a maior parte dos gastos derivados das campañas de promoción institucional, incluíndo gravación de materias audiovisuais, asistencia a feiras ou edición de publicacións.

Na primeira das clasificacións orgánicas contéplanse distintos gastos da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, entre os cales destacamos as partidas correspondentes á CIUG e á normalización lingüística. Cómpre salientar neste punto o incremento da partida de normalización lingüística co obxecto de potenciar o programa de plurilingüismo na docencia e continuar co desenvolvemento do Plan de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo. A CIUG consolida o importe asignado no exercicio 2007, no cal houbera unha redución froito do estudo do gasto executado nos últimos anos.

Prodúcese incremento, ademais, na partida de axudas de custo e locomoción co obxecto de poder abordar distintos programas de internacionalización da Universidade.

Programa: Relacións Institucionais
Orgánica: 0000 Funcional: 214 K

Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			1.092.204
	220		Material de oficina		4.000	
	226		Gastos diversos		920.204	
		226.01	Atencións protocolarias	7.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	550.000		
		226.09	Cotas de organismos	600		
		226.12	CIUGA	250.000		
		226.99	Outros gastos	112.604		
	227		Traballos realizados por outras empresas		12.000	
		227.09	Outros	12.000		
	228		Cursos e conferencias		156.000	
		228.02	Conferencias	6.000		
		228.08	Normalización lingüística	150.000		
23			Indemnización por razón de servizos			15.000
	230		Axudas de custo e locomoción		15.000	
		230.01	Administración	15.000		
			Total capítulo II			1.107.204
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
44			A sociedades merc. est. entid. sen lucro, etc.			6.900
	444		Convenios con entidades públicas		5.400	
	445		Convenios con entidades privadas		1.500	
48			Familias e institucións sen fins de lucro			24.000
	482		Bolsas		24.000	
		482.21	Bolsas de normalización lingüística	24.000		
			Total capítulo IV			30.900
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			20.000
	625		Mobiliario e equipamento		20.000	
64			Gastos investigación de carácter inmaterial			266.604
	647		Proxectos de investigación financiados por outros organismos		266.604	
		647.04	Cátedras	266.604		
			Total capítulo VI			286.604
			TOTAL CRÉDITOS 0000 214k			1.424.708

Programa: "Relacións institucionais"
Orgánica: LING - Funcional: 214K

Por outra banda, a clasificación orgánica LING, que lles dá apoio ás actividades do Centro de Linguas da Universidade de Vigo, ten un incremento global do 1.8 %, e o aspecto máis destacable é o que se produce na partida de Cursos e Conferencias. Consólidase, xa que logo, a oferta formativa que se lle ofrece desde o Centro de Linguas

ao persoal de administración e servizos, estudantes e persoal docente e investigador, á sociedade e como apoio á mobilidade da comunidade universitaria.

Programa: Relacións Institucionais

Orgánica: LING (Centro de Linguas) Funcional: 214 K

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			265.500
	220		Material de oficina		9.000	
	226		Gastos diversos		16.500	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
		226.99	Outros gastos	15.500		
	228		Cursos e conferencias		240.000	
		228.02	Conferencias	240.000		
23			Indemnización por razón de servizos			2.000
	230		Axudas de custo e locomoción		2.000	
		230.01	Administración	2.000		
			Total capítulo II			267.500
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			7.500
	625		Mobiliario e equipamento		7.500	
			Total capítulo VI			7.500
			TOTAL CRÉDITOS LING 214k			275.000

Programa: Acción de Intercambio

Orgánica: ORI1 - Funcional: 211R

A Oficina de Relacións Internacionais actúa como ligazón entre algúns dos ámbitos competenciais da Vicerreitoría de Relacións Institucionais. Xestora de plans de actuación e sinatura de novos convenios nos países emerxentes (China, India, Brasil, por exemplo), fomenta a mobilidade de alumnado nesas direccións e emprega o Centro de Linguas como instrumento complementario para facilitar o acceso.

Este programa experimenta en 2008 un incremento de preto de 300.000 euros, continuando na liña ascendente dos últimos anos, que sitúa a ORI da Universidade de Vigo nun primeiro plano dentro do SUG.

Tal e como se establece nas normas de execución, este programa vaise realizar mediante subprogramas nos que se van reflectir as distintas actuacións levadas a cabo para as accións de intercambio de estudantes, de persoal docente e investigador e de persoal de

administración e servizos. As axudas á mobilidade a través de distintos convenios coa Xunta de Galicia ou entidades financeiras vense reforzadas cun incremento na dotación de bolsas para programas propios de mobilidade.

Programa: Acción de Intercambio

Orgánica: ORI1 Funcional: 211 R

Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			694.025
	220		Material de oficina		6.000	
	226		Gastos diversos		654.025	
		226.01	Atencións protocolarias	5.000		
		226.02	Publicidade e propagande	12.000		
		226.09	Cotas organismos	9.500		
		226.99	Outros gastos	627.525		
	228		Cursos e conferencias		12.000	
		228.07	Cursos de idiomas	12.000		
	229		Outras actividades		22.000	
		229.07	Outras actividades	22.000		
23			Indemnización por razón de servizos			40.000
	230		Axudas de custo e locomoción		40.000	
		230.01	Administración	40.000		
			Total capítulo II			734.025
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen fins de lucro			219.200
	486		Outras bolsas		219.200	
		486.01	Bolsas de formación ORI	19.200		
		486.02	Bolsas TS docentes	80.000		
		486.03	Bolsas ERASMUS-XUNTA	120.000		
49			O exterior			1.238.800
	492		Bolsas de intercambio		1.238.800	
			Total capítulo IV			1.458.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			4.000
	625		Mobiliario e equipamento		4.000	
			Total capítulo VI			4.000
			TOTAL CRÉDITOS ORI1 211 R			2.196.025

Programa: “Actividades culturais e solidariedade”

Orgánicas: 0023, PON1 e OUR1 - Funcional: 211E

Culminado o proceso de descentralización, o obxectivo deste programa é consolidar a actividade cultural nos tres campus, respectando a singularidade de cada un, e apoiar a forte expansión que as actividades relacionadas co voluntariado e a acción social están

experimentando. Seguindo a tendencia que xa se consolidou nos anos anteriores, dedicamos os recursos orzamentarios que aquí se reflicten a estimular unha oferta cultural diversa, de calidade e sensible ás tendencias do noso contorno cultural, xeográfico e histórico.

A previsión realizada reflicte a aposta por incentivar aquelas iniciativas que veñan da propia comunidade universitaria, e particularmente as dos estudantes, na organización de cursos, foros de debate e calquera outra proposta que sinala unha actividade dinamizadora, que aproveite o pulo das iniciativas individuais ou de grupo. Isto materialízase formalmente nas convocatorias de extensión universitaria e complementa a programación de acontecementos culturais de todo tipo, que compete ás distintas vicerreitorías implicadas.

A Área de Igualdade faise máis presente, e diversifica a súa actividade organizando conferencias e outras actividades de carácter divulgativo e de sensibilización, iniciando estudos sobre a situación das mulleres na Universidade de Vigo e recomendando accións que supoñan unha mellora na convivencia igualitaria dentro da comunidade universitaria.

Por último, Campus Camp asúmese como unha actividade de conciliación familiar, xestionada desde a vicerreitoría a través da Área de Igualdade.

No seu conxunto, estas tres clasificacións orgánicas suman 1,285 millóns de euros, o que significa un incremento do 25 % respecto da cantidade consignada no exercicio anterior.

Programa: Actividades Culturais e Solidariedade
Orgánica: 0023 Funcional: 211 E (Campus deVigo)

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			696.600
	220		Material de oficina		16.500	
	222		Comunicación		34.000	

226	Gastos diversos		47.100	
226.01	Atencións protocolarias	4.000		
226.02	Publicidade e propaganda	42.500		
226.09	Cotas organismos	600		
227	Traballos realizados por outras empresas		60.000	
227.09	Outros	60.000		
228	Cursos e conferencias		237.000	
228.00	Obradoiros	170.000		
228.02	Conferencias	67.000		
229	Extensión Universitaria		302.000	
229.01	Actividades culturais	280.000		
229.07	Outras actividades	7.000		
229.10	Voluntariado	15.000		
23	Indemnización por razón de servicios			11.000
230	Axudas de custo e locomoción		11.000	
230.01	Administración	11.000		
25	Concertos			56.100
252	Concertos coa Xunta de Galicia		56.100	
252.01	Concerto fomento de emprego	56.100		
Total capítulo II			763.700	
Capítulo IV. Transferencias correntes				
48	Familias e institucións sen fins de lucro			60.000
482	Bolsas		10.000	
482.11	Bolsas colaboradores	10.000		
484	Outras		50.000	
484.01	Subvencións a asociacións de estudantes	50.000		
Total capítulo IV			60.000	
Capítulo VI. Inversións reais				
62	Investimento asoc. funcionamento dos servizos			8.000
625	Mobiliario e equipamento		8.000	
Total capítulo VI			8.000	
- 226.02. Publicidade e propaganda
- 226.13. Tribunal de Garantías
- 226.15. Comité de Seguridade e Saúde
- 227.00. Limpeza e aseo
 - 227.01. Seguridade
- 227.06. Estudos e traballos técnicos
- 228.00. Obradoiros
 - 228.01. Cursos
 - 228.02. Conferencias

- 228.03. Conferencias do profesorado convidado
- 228.08. Normalización lingüística
- 229.01. Actividades culturais
- 229.02. Deportes
- 229.03. Delegación de alumnado
- 229.04. Prácticas de campo
- 230.06. Axudas á mobilidade docente en diferentes campus
- 230.07. Axudas á mobilidade MEC, XUNTA
- 233.03. Xunta de persoal docente
- 233.04. Xunta de persoal funcionario PAS
- 233.05. Comité de empresa PAS laboral

O subconcepto 230.06, asignado aos departamentos, e o subconcepto 229.04, asignado aos centros, non poderá ser minorado mediante ningún tipo de transferencia nin redistribución de crédito.

O subconcepto 230.07 establécese para recoller as achegas tanto do Ministerio de Educación e Ciencia como da Xunta de Galicia para a mobilidade de estudantes e profesores.

Así mesmo, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3- Os créditos asignados ás delegacións do alumnado terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos representantes dos estudantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é preciso que por parte do decano ou administrador do centro se certifique a necesidade do investimento e se solicite da Xerencia a correspondente modificación de crédito.

4- Non se poden adquirir compromisos de gastos por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

5- Os créditos asignados ás facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias terán como finalidade financiar os gastos de docencia, así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro.

6- Dentro dos programas 300C (centros) e 122H (departamentos), o xerente, a proposta do administrador de centro/campus, pode autorizar as transferencias de crédito que sexan necesarias para corrixir posibles desequilibrios xurdidos na execución do gasto, así como autorizar transferencias desde o capítulo II para dotar o concepto 482 Bolsas, en función da natureza da bolsa e do subconcepto que proceda, e sempre de acordo co establecido no artigo 4 destas normas. No programa 122H as transferencias de crédito desde o capítulo II ao capítulo VI só se poderán realizar para dotar o concepto 625. Non se poderá incrementar mediante transferencia de crédito doutros conceptos do capítulo II o concepto 280 dos programas 300C e 122H.

7- Agás o establecido no punto anterior e no artigo 6.3 respecto da aplicación de remanentes nos departamentos, estes e os centros non poderán utilizar outras vías para promover a contratación de persoal ou o nomeamento de bolseiros con cargo aos seus créditos.

8- A dotación do concepto 230.06, dentro do programa 122H de departamentos, está exclusivamente destinada a atender os gastos producidos por desprazamento para docencia noutros campus.

9- Non se poden incrementar mediante modificación orzamentaria os créditos destinados a atencións protocolarias, consignados no concepto 226.01, nin os

consignados para gastos de investigación no subconcepto 641.01 do programa de departamentos; neste último subconcepto permítense, excepcionalmente, xeracións de crédito na partida correspondente ao exercicio orzamentario en vigor.

Artigo 3.º Distribución dos créditos

1.- No exercicio orzamentario de 2008 executaranse mediante subprogramas os seguintes programas:

R clasificación funcional 211R “Accións de intercambio”, os subprogramas serán os definidos para o exercicio de 2007.

M clasificación funcional 211M “Formación e innovación educativa”, os subprogramas serán os definidos para o exercicio 2007, ademais dun novo subprograma que se denominará INN “Innovación en educación”.

K clasificación funcional 214K “Relacións Institucionais”, ademais dos subprogramas definidos no exercicio de 2007 créase un novo subprograma que se denominará CIN “Imaxe e Comunicación institucional”.

C clasificación funcional 300C “Servizos de xestión descentralizada”, os subprogramas identificarán as actuacións referentes ás titulacións tradicionais e ás novas titulacións oficiais de posgrao (POP). A codificación destes subprogramas será alfanumérica, no caso das titulacións tradicionais o subprograma será L00 “Titulacións tradicionais” e nos títulos de posgrao o primeiro dígito será un P e os dous seguintes serán numéricos, comezando polo 01, e identificarán cada un dos títulos oficiais de posgrao con independencia da facultade en que se impartan as clases.

As codificacións para os posgraos existentes no momento da aprobación do orzamento son as seguintes:

- P01 MÁSTER EN ENERXÍA E SOSTIBILIDADE
- P02 MÁSTER EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
- P03 MÁSTER EN EXEÑARIA MATEMÁTICA
- P04 MÁSTER EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA

- o P05 MÁSTER EN QUÍMICA TEÓRICA
- o P06 MÁSTER EN NEUROCIENCIAS
- o P07 MÁSTER EN FÍSICA APLICADA
- o P08 MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL
- o P09 MÁSTER EN ESTATÍSTICA OPERATIVA
- o P10 MÁSTER EN ESTUDOS DE XÉNERO
- o P11 MÁSTER EN TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA
- o P12 MÁSTER EN FOTOTÓNICA E TÉCNICAS DO LÁSER
- o P13 MÁSTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO
- o P14 MÁSTER EN DEREITO DO MEDIO / AMBIENTAL E URBANISMO

A carga do orzamento no Sistema de Información Contable (SIC) e no programa de auxiliar de xestión económica e orzamentaria (XESTICONTA) distribuirase por subprogramas en función do reflectido no anexo.

Para os subprogramas con dotación orzamentaria que non figuren no anexo, a dotación realizarase mediante redistribución de crédito aprobada polo órgano correspondente dos enumerados no art. 8.º das normas de execución, unha vez que o Consello Social aprobe este orzamento.

2.- A Xunta de Centro e o Consello de Departamento teñen a obriga de aprobar a distribución anual dos seus créditos e a súa execución. Igualmente deberán aprobar a memoria económica anual.

3.- No caso de non se aprobar esa distribución dos gastos tres meses despois de coñecer os créditos anuais, o Consello de Goberno poderá asumir a responsabilidade de facer un orzamento base, dándolles conta de inmediato aos centros e departamentos para a súa execución posterior.

Artigo 4.º Das modificacións de crédito

Principios xerais

Son modificacións de crédito as variacións que se poden autorizar nos créditos que financian o estado de gastos para axeitalos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento.

Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente por parte do administrador de centro ou do xefe do servizo correspondente, en que se expresarán os programas e os conceptos afectados, así coma o seu financiamento no caso de que a modificación implique un aumento neto do gasto.

Xeracións de crédito

Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, conxuntamente coa Universidade, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos desta, poderán xerar crédito no estado de gastos. Tamén poderán xerar crédito:

- O alleamento de bens patrimoniais da Universidade.
- A prestación de servizos.
- O reembolso de préstamos.
- O crédito do exterior para investimentos.

De existir partida dotada no orzamento inicial, os anteditos ingresos darán lugar á tramitación dun expediente de ampliación de créditos, agás nos casos de proxectos de investigación que se teñan que desenvolver en varias anualidades.

No expediente de xeración de crédito terá que constar a xustificación acreditativa de ingresos efectuados, así como a inexistencia de aplicación orzamentaria específica. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións por delegación do Consello de Goberno, e no caso de convenios ou resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito acreditándose o compromiso do ingreso mediante a copia do convenio asinado ou da resolución. O xerente débelle dar conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno.

Transferencias de crédito

Consisten no traspaso da totalidade ou de parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, é dicir, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ha de garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- a) Non se poderán minorar créditos que fosen incrementados mediante transferencia.
- b) Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.
- d) Non se poderán realizar con ingresos afectados, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financeiro

Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

I. Ao xerente, por delegación do Consello de Goberno

- As transferencias entre créditos dos diversos conceptos dun mesmo capítulo ou de capítulos diferentes correspondentes ao mesmo programa.
- As transferencias de crédito desde os conceptos dos capítulos de gastos correntes aos conceptos dos capítulos de gastos de capital dentro do mesmo programa.
- As transferencias enumeradas nos parágrafos anteriores entre os programas “Fomento de proxectos de investigación”, “Formación de investigadores” e “Departamentos”.

II. Ao Consello de Goberno

- As transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as que se enumeran no parágrafo anterior.

As transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que lle afecten, deberán ser aprobadas polo Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, tras a autorización da comunidade autónoma de Galicia.

Redistribucións de crédito

As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada do gasto serán consideradas redistribucións de crédito e non transferencias de crédito, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional nin a clasificación económica.

No referente a proxectos de investigación (programa 122P, clasificación económica 644,645, 646 y 647) a redistribución poderase realizar aos diferentes subconceptos que reflicten os diferentes tipos de axudas. No exercicio orzamentario de 2008 poderanlles redistribuír aos diferentes centros de gasto os créditos das aplicacións orzamentarias que deseguido se enumeran:

0022 122H 641.01 (Producción científica)

0022 122H 641.00 (Terceiro ciclo)

0022 122H 230.06

0022 122F 641.02

0022 122P 644. – 645. – 646. - 647.

0022 122I 641.05

0000 300V 640.02

0023 211E 228.02 – 229.01

OUR1 211E 228.02 – 229.01

PON1 211E 228.02 – 229.01

0000 211D 626

0000 211L *

* Será competencia da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea decidir que conceptos orzamentarios se distribúen en función da conveniencia de cara á consecución dos obxectivos asignados ao programa.

A competencia para realizar estas redistribucións correspóndelle ao responsable de cada programa, quen deberá achegar, aos administradores de centros/campus e xefes de servizo afectados, unha copia dos acordos de distribución.

Artigo 5.º Imputación de obrigas

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras ou servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.

b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores e especialmente as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último trimestre do ano anterior.

c) As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

Para a validación dos gastos aos que se refire o apartado anterior, será necesario que, por parte dos responsables dos centros de gastos (administradores, directores de proxectos, xerente etc.), se confeccione o oportuno expediente, en que figurará necesariamente a causa da non imputación ao orzamento correspondente, e a aplicación á que correspondería aplicar o gasto.

O reitor é o cargo competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo favorable do Servizo de Control Interno e o da Asesoría Xurídica, de o considerar necesario.

Artigo 6.º Remanentes de crédito

1.- Son remanentes específicos os saldos dos créditos a 31 de decembro correspondentes a:

a) Operacións correntes e de capital en fase AD.

b) Créditos financiados con contribucións específicas.

2.- Para a incorporación dos primeiros será necesaria a expedición dun certificado de existencia de crédito. Para a dos segundos, considerárase a establecida pola entidade financeira como data de finalización do proxecto, que será a data límite para esta incorporación.

3.- Teñen tamén a consideración de remanentes específicos os saldos de créditos do subconcepto 641.01 "producción científica", do programa 122H dos departamentos, nas seguintes condicións:

a) *Os saldos de crédito da clasificación económica 641.01.99*

b) *Os saldos de crédito da clasificación económica 641.01.08*

Tras a petición xustificada do director do departamento, que deberá ser tramitada antes da data que se indique na orde de peche do exercicio, o reitor poderá autorizar a incorporación destes remanentes no capítulo IV, coa finalidade de solicitar bolseiros nas convocatorias periódicas que realiza a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade. As correspondentes transferencias de fondos serán aplicadas no subconcepto e polo importe indicado na solicitude.

4.- Excepcionalmente, o reitor poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes á dotación

de laboratorios docentes e produción científica, tras a petición acompañada da memoria xustificativa da necesidade da incorporación. No caso de se aprobar esta incorporación, o crédito débese executar, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 7.º Custos de persoal

1.- As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de orzamentos xerais do Estado e a Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia. Os incrementos retributivos do persoal laboral deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, segundo a Lei orzamentaria.

2.- Cando se produzan baixas nas escalas que hai que extinguir nos cadros de persoal de administración e servizos funcionario ou laboral, procederase á readaptación dos cadros de persoal correspondentes e dos créditos a eles asignados, mediante as oportunas transferencias de crédito entre conceptos dos artigos 12 e 13.

3.- Poderanse abrir partidas orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado con motivo de:

a) Prestación de servizos con base en convenios con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios subscritos ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo poderanse ampliar

as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal coa financiación correspondente ou ben se aproben.

DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 8.º Autorización de gastos

1.- a) Quedan facultados para a aprobación do gasto, relativos ás adquisicións de subministracións, prestacións de consultarías/servizos/asistencias (cando o importe sexa inferior a 12.020,24 euros) e realización de obras (que non excedan de 30.050,61 euros) dos programas de gasto que teñan encomendados:

- O xerente.
- Os administradores de centro/ámbito/campus.
- O xefe de Servizo de Apoio á Investigación, no que respecta aos créditos do Servizo de Apoio á Investigación, do CACTI, da Oficina de I+D e da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla.
- O xefe de Servizo de Extensión Universitaria.
- O director da ORI.
- O director da biblioteca.

b) O reitor delega nos xestores de gasto arriba mencionados a sinatura dos contratos menores.

2.- Deléganse nos administradores de centro/ámbito/campus os procedementos negociados de subministracións por razón de contía, agás as adxudicacións, formalización, modificación, suspensión e revogación dos contratos correspondentes a este procedemento que lle corresponden ao reitor.

Despois do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación para atender gastos con cargo a créditos con financiamento específico do que a súa execución deba xustificarse antes do 31 de decembro. Excepcionalmente, tras a xustificación do proponente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois da devandita data. Con cargo a proxectos de investigación, soamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses.

3.- Para os efectos do establecido na Resolución reitoral do 3 de xaneiro de 2002, quedan excluídos de fiscalización previa os expedientes de gastos relativos a contratos menores.

Artigo 9.º As actas de recepción

1.- Derivadas de expedientes de contratación:

- a. Actas de recepción de contratos de obras: as actas de recepción deberanse lexitimar coas sinaturas do contratista, facultativos encargados da dirección da obra, facultativo designado polo reitor, o xerente e, facultativamente, o xefe de Servizo de Control Interno.
- b. Actas de recepción de contratos de subministracións ou consultora/asistencia/servizos. As actas de recepción deberanse lexitimar coas sinaturas do xerente, contratista, administrador de centro/campus e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. Facultativamente, irá asinada polo xefe de Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o director do centro de gasto ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.

Trimestralmente darase conta ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en consultora/asistencia/servizos.

DA XESTIÓN DO INVENTARIO E PATRIMONIO

Artigo 10.º Dos bens mobles inventariables

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan os requisitos que se indican a continuación:

a) Que se lles calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuman co uso.

b) Que teñan un custo unitario superior a 180 euros, incluído IVE, gastos de transporte, seguros, canons e accesorios ata a posta en funcionamento, ou se o seu custo inferior comprende elementos secundarios dunha unidade inventariable.

Artigo 11.º Alleamento de bens patrimoniais da Universidade

O alleamento de bens producirase mediante poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, en que necesariamente se incluírá a súa taxación pericial. Cando o importe sexa inferior a 6.000 euros, a autorización do expediente corresponderalle ao reitor e se é superior a esa contía ao Consello Social.

Artigo 12.º Actualización do valor contable patrimonial

Autorízase ao xerente a ditar as normas necesarias para a actualización a 31 de decembro de 2008 do valor contable do inventario da Universidade.

DA MEMORIA ANUAL

Artigo 13.º Elaboración da memoria

Os centros, departamentos e servizos elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Estas memorias achegaranse á memoria económica anual da Universidade, que elaborará a Xerencia baixo a dirección do reitor.

V. DISTRIBUCIÓN DOS CRÉDITOS

DOS PROGRAMAS 300C (CENTROS) E 122H (DEPARTAMENTOS)

PROGRAMA 300C

Dotación do programa: 6.764.797 euros.

Criterios de asignación:

a) Dotación básica a cada centro que inclúe os créditos necesarios para o desenvolvemento das novas titulacións oficiais de posgrao. A desagregación entre os diferentes posgraos está reflectida no anexo.

b) Dotación de 450.000 euros por calidade docente no subconcepto 280.01 “producción docente centros”. Esta dotación será concorrente e a súa distribución (nos dous primeiros meses do exercicio) correrá a cargo da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade docente.

c) Dotación de 40.000 euros para distribuír entre os centros que dan cobertura a actividades que deberían soportar os servizos centrais. Este importe está dotado no concepto de subministración e distribuirase en función dos criterios que no seu momento aprobe a comisión de avaliación.

d) Dotación de 530.443 euros para os programas oficiais de posgrao (POP), esta dotación está identificada e individualizada no anexo.

e) Dotación de 709.719 euros ás titulacións propias de Deseño Téxtil e Moda, Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Ciencias Policiais e Detective Privado e Información Técnica do Medicamento. A desagregación deste importe por título e capítulos de gasto é a seguinte:

Deseño Téxtil e Moda

220	:	8.000
222	:	10.000
226.01		15.000
228.02:		183.337
230:		3.000
482	:	13.500
625	:	<u>12.000</u>
		244.837

Ciencia e Tecnoloxía Ambiental

220	:	7.927
228.02:		9.800
230	:	1.200
482	:	<u>1.145</u>
		20.072

Ciencias Policiais e Detective Privado

212	:	1.000
220	:	4.000
228.02:		256.900
221.02		3.000
222		2.000
226.01		4.000
226.02		33.800
230		2.500
482		16.000
625	:	<u>21.800</u>
		345.000

Información Técnica do Medicamento

220	:	9.180
226.01		6.000
228.02:		74.000
230	:	2.000
625		<u>8.000</u>
		99.180

PROGRAMA 122H “DEPARTAMENTOS”

Dotación do programa: 1.972.715 €

Criterios de asignación:

a) O crédito de 1.972.715 euros asignado a este programa no orzamento de 2008 debe ser desagregado do seguinte xeito:

a.1) Capítulo II (epígrafes contables 220, 226.01, 228.02 e 230): dotado con 407.715 euros, que serán distribuídos entre os departamentos en función do número de profesores e a súa dedicación (1,5 tempo completo; 0,5 tempo parcial), incluíndo entre os primeiros os contratados dos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal. A asignación por conceptos e subconceptos de gasto farase de acordo coa execución media (30 % - 30 % - 20 % - 20 %).

a.2) Tamén no capítulo II, a partida 230.06 terá no exercicio de 2008 unha dotación de 60.000 euros para financiar as axudas de custo intercampus. Esta cantidade será distribuída pola Vicerreitoría de Profesorado en función da docencia intercampus de cada trimestre.

a.3) O programa inclúe unha dotación adicional de 360.000 euros, asignada ao subconcepto 280.01 "Producción docente departamentos", dentro do concepto 280 "Producción docente". Esta partida ten como obxectivo premiar a calidade docente do cadro de persoal de cada departamento. A dotación será concorrente e a súa distribución correrá a cargo da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade da actividade docente en departamentos.

a.4) Por último, no concepto 641 neste exercicio distribuiranse 641.01 "Producción científica" (805.000 euros) e 641.00 "Terceiro ciclo" (400.00 euros). A distribución da partida de produción científica será realizada pola Vicerreitoría de Investigación nos dous primeiros meses do exercicio, en función dos resultados de investigación obtidos con dous anos de antelación (entre xaneiro e febreiro, os departamentos ingresarán a "producción científica" de 2008). A distribución da partida de terceiro ciclo será realizada pola Vicerreitoría Titulacións e Convergencia Europea logo da decisión da comisión de terceiro ciclo.

VI. DISTRIBUCIÓN DE CRÉDITOS

DOUTROS PROGRAMAS

PROGRAMA 211D

No concepto 626 deste programa inclúense 1.755.000 euros, que serán distribuídos pola Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade para financiar a dotación de laboratorios docentes como en anos precedentes, da distribución quedan excluídos os importes de 25.000 euros directamente asignados á titulación de Deseño Téxtil e Moda. Xa que logo, a cantidade que distribuirá a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxía e Calidade é de 1.730.000 euros, dos que neste exercicio 2008, a cantidade de 30.000 euros serán nominativamente para a Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Pontevedra.

PROGRAMA 122B

No subconcepto 628 OIM Biblioteca inclúense 4.500 euros que corresponden á asignación aprobada para o título propio de Deseño Téxtil e Moda.

VII. NORMAS COMPLEMENTARIAS

1. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía

O importe de 600.000 euros consignado no concepto 222 do programa de innovación e calidade financia, entre outras cousas, o gasto centralizado de telefonía fixa, incluíndo os consumos básicos dos departamentos. Para estes efectos, os importes fixos asignados son os seguintes:

- . 180 euros/ano por profesor a tempo completo.
- . 60 euros/ano por profesor a tempo parcial.
- . 180 euros/ano pola sede do departamento.

Estas asignacións serán realizadas asimilando á primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, e Parga Pondal e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

2. Realización de obras, reparacións e melloras

Cando a natureza das obras, reparacións e melloras implique unha modificación física de locais ou instalacións, por razóns de seguridade, a administración do centro/campus deberá dispor de informe técnico previo ás súas realizacións.

3. Asignación en edificios compartidos

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase a xestión de edificios e instalacións, así como os gastos de subministracións (auga, luz etc.) do seguinte xeito:

Os edificios de facultades, o Politécnico e o Xurídico Empresarial de Ourense considéranse centros únicos para os efectos dos conceptos 212 e 221.01.

Os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse ao centro de traballo de Ciencias de Vigo e os da Escola Superior de Minas e do Edificio de Fundación, ao centro de traballo da Escola Superior de Enxeñaría Industrial. A dotación para subministracións e mantemento do edificio de ampliación de Teleco-Minas incorporárase na clasificación orgánica da Escola Superior de Minas.

4. Solicitude de bolsairos por centros e departamentos

Para que a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade poida incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolsairos que fagan os centros ou departamentos, é necesario que previamente envíen ao servizo administrativo correspondente un documento contable RC para gastar polo importe da bolsa solicitada.

No caso de que a bolsa pretenda atenderse con cargo aos remanentes de crédito dun departamento, tal como se establece no artigo 6.3 parágrafo segundo, será necesario que previamente estea incorporado o remanente na aplicación orzamentaria do departamento no capítulo IV e no concepto axeitado.

Nos demais casos, será necesario que estea aprobada a transferencia de crédito ao concepto correspondente do capítulo IV, dentro do programa correspondente (300C ou 122H).

Resolta a convocatoria de bolsas, os documentos contables de execución do orzamento (AD, O, ADO) tramitaranse a través do Servizo de Xestión Económica con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1.^a Autorízase o reitor, tras a aprobación dos plans de investimentos polos órganos competentes, para a realización dos trámites oportunos para concertar unha operación de préstamo dentro dos límites da normativa vixente.

2.^a Autorízase o xerente a ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento das presentes normas, do que dará conta ao Consello Social nun prazo máximo de tres meses.

3.^a Autorízase o xerente para, no caso de que a execución do orzamento o faga necesario, habilitar subprogramas no programa 300S “Servizos de Xestión Centralizada”.

4.^a Autorízase o reitor para que no uso das facultades delegantes que lle son propias, e unha vez cubertos os cargo de vicexerentes dos campus de Ourense e Pontevedra, poida reordenar as competencias que nas normas de execución do presente orzamento figuran atribuídas tanto ao xerente coma aos administradores dos devanditos campus universitarios.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes normas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2008.

ANEXOS

ANEXO I

GASTOS DE PERSOAL

2008

RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

FUNCIONARIADO DOCENTE

GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL
Catedrático de universidade	115	6.106.428 €
Catedrático de escola universitaria	45	1.945.055 €
Titular de universidade	564	25.219.203 €
Titular de escola universitaria	184	7.398.492 €
Titular de universidade interino	10	338.838 €
Titular de escola universitaria interino	4	114.189 €
Total:	922	41.122.205 €

PROFESORADO CONTRATADO

Contratado doutor	62	2.035.526 €
Axudante doutor	9	229.677 €
Axudante	41	843.649 €
PP-1	10	270.327 €
PP-2	67	1.998.526 €
Asociado T3-TC	13	352.431 €
Asociado T3-P6	313	3.333.838 €
Asociado T3-P3	122	676.123 €
Lector	5	153.323 €
Asociado CC.SS.	22	102.424 €
Visitante	53	1.615.307 €
Total:	717	11.611.151 €

PERSOAL INVESTIGADOR

Persoal investigador	249	5.007.000 €
Total:	249	5.007.000 €

RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓNS E SERVIZOS

FUNCIONARIADO PAS

GRUPO/CATEGORIA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL
A	13	566.777 €
B	54	1.841.689 €
C	258	6.454.136 €
D	5	101.630 €
E	2	36.015 €
Total:	332	9.000.247 €

LABORAL PAS

I	36	1.236.653 €
II	15	423.958 €
III	152	3.456.980 €
IV	157	3.120.996 €
V	3	47.110 €
Total	363	8.285.697 €

OUTRO PERSOAL

GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL
Eventual	4	155.000 €
Total:	4	155.000 €

ALTOS CARGOS

CARGO	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL
Xerente	1	(90.000 €+ trienios)
Vicexerente	5	(67.000 €+ trienios)
Total:	6	425.000 €

OUTROS GASTOS DE PERSOAL

TIPO DE GASTO	CUSTO
Produtividade e gratificacións	831.000 €
Acción social	260.000 €
Plan de pensións	207.000 €
Gastos de formación PAS	185.000 €
Cotas dos seguros sociais	9.897.100 €

Total:	11.380.100 €

RESUMO DO ORZAMENTO

ARTIGO	CRÉDITO 2008
10 - Altos cargos	425.000 €
11 – Eventual	155.000 €
12 – Funcionarios	50.122.452 €
13 – Laborais	8.285.697 €
14 – Outro persoal	16.618.151 €
15 – Incentivos ao rendemento	831.000 €
16 – Cotas das prestacións e seguros sociais	10.549.100 €

Total:	86.986.400 €

ANEXO II

DISTRIBUCIÓN DE CRÉDITOS POR CENTROS

ORGÁNICA	CENTROS	213	212	220	221.01	221.02	222	226.01	226.02	227.09	228.02	229.03	229.04	230	CAP. II	482	625	TOTAL CENTRO
1	EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS VIGO	1936	35.785	21.915	41.138	21.562	4.183	3.147				3.254	3.731	3.698	140.348		14.981	155.329
2	ETE INDUSTRIAL VIGO	1936	55.275	35.846	154.652	52.578	4.574	3.364				3.478	7.199	5.314	324.218		26.547	350.765
3	FAC. DE CIENCIAS VIGO	1937	63.848	36.868	333.420	30.858	3.029	6.147	2.000		20.000	3.254	5.196	2.730	509.286		17.874	527.160
4	FAC. DE CC. ECONÓM. E EMPRESARIAIS VIGO	1937	54.423	42.610	147.003	47.050	6.406	4.326			50.500	4.473	5.223	5.974	369.926	1.320	29.330	400.576
5	FAC. DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN VIGO	1936	47.637	25.976	192.262	27.090	3.775	3.147			22.840	3.254	4.568	3.443	335.928		14.967	350.895
6	ETSE INDUSTRIAL VIGO	1937	60.972	37.927	238.280	48.160	5.068	4.668		5.350	137.600	4.827	8.196	4.905	557.892		26.084	583.976
7	ETSE DE TELECOMUNICACIÓN VIGO	1937	47.180	31.421	156.693	40.409	3.459	3.364			9.420	3.478	5.477	4.130	306.969		21.341	328.311
8	ETSE DE MINAS VIGO	1936	47.926	17.931	191.262	18.662	2.766	2.929				3.029	5.034	2.234	293.709		11.367	305.076
9	FAC. DE BIOLOXÍA VIGO	1936	0	19.058	0	20.335	3.895	3.064	300		135	3.029	5.672	2.364	59.789		12.053	71.842
10	FAC. DE QUÍMICAS VIGO	1936	0	16.401	0	29.307	2.376	2.929			6.600	3.029	2.631	2.070	67.280		10.505	77.785
11	FAC. DE BELAS ARTES PONTEVEDRA	1936	36.424	11.399	78.184	42.681	4.697	2.929				3.029	5.722	2.246	189.247		11.377	200.624
12	FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN PONTEVEDRA	1936	40.790	23.095	40.497	25.424	6.390	5.150				5.325	4.795	3.618	157.021		15.713	172.734
13	ET FORESTAL PONTEVEDRA	1936	31.418	9.478	56.722	12.030	2.961	2.929				3.029	3.536	1.765	125.803		7.983	133.786
14	FAC. DE CIENCIAS SOCIAIS PONTEVEDRA	1936	37.489	15.335	90.557	14.755	5.948	3.147				3.254	4.155	2.516	179.091		11.014	190.105
15	FAC. DE DEREITO OURENSE	1936	0	18.212	0	17.028	2.523	7.547	2.000		42.600	3.254	3.550	4.000	102.649		13.660	116.309

16	FAC. DE HISTORIA OURENSE	1936	43.292	6.597	199.380	3.613	943	2.821			2.917	3.363	1.324	266.185		4.967	271.152		
17	FAC. DE CIENCIAS OURENSE	1936	21.832	21.798	19.777	31.180	2.579	4.897		33.860	3.254	4.445	6.648	152.205	990	13.534	166.729		
18	FAC. DE EMPRESARIAIS OURENSE	1936	45.901	24.308	153.197	24.046	4.160	10.701	2.000	140.280	3.254	5.938	18.638	434.360	8.400	17.000	459.760		
19	FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE	1936	0	26.063	3.781	35.013	3.791	3.364			3.478	7.017	3.926	88.370		17.023	105.392		
21	ETS DE ENX. INFORMÁTICA OURENSE	1936	44.623	17.511	195.397	27.331	2.540	3.147			3.254	2.913	2.941	301.593		15.082	316.675		
30	ESC. FISIOTERAPIA PONTEVEDRA	1936	25.773	6.204	28.439	6.911	884	4.326			4.473	1.460	1.337	81.743		5.559	87.302		
40	FAC.DE CC. XURÍDICAS VIGO	1936	35.252	28.810	96.513	27.621	4.000	3.364			3.478	4.179	4.471	209.624		18.138	227.762		
TOTAL			42.601	775.840	494.764	2.417.155	603.644	80.949	91.406	6.300	5.350	463.835	77.102	104.000	90.291	5.253.237	10.710	336.096	5.600.044

DISTRIBUCIÓN DE CRÉDITOS PARA TÍTULOS PROPIOS

ORGÁNICA	CENTROS	213	212	220	221.01	221.02	222	226.01	226.02	228.02	229.03	229.04	230	TOTAL CAP. II	482	625	TOTAL CENTRO
55	DESEÑO TÉXTIL	0	0	8.000	0	0	10.000	15.000		183.337			3.000	219.337	13.500	12.000	244.837
56	MEDICAMENTO	0	0	9.180				6.000		74.000			2.000	91.180		8.000	99.180
57	DETECTIVE		1.000	4.000		3.000	2.000	4.000	33.800	256.900			2.500	307.200	16.000	21.800	345.000
66	TECNOLOXÍA A.			7.927						9.800			1.200	18.927	1.145		20.072
TOTAL		0	1.000	29.107	0	3.000	12.000	25.000	33.800	524.037	0	0	8.700	636.644	30.645	41.800	709.089

DISTRIBUCIÓN POPs

POPs	220	222	22601	226.02	227.09	22802	230	TOTAL CAP. II	482	625	TOTAL CENTRO
MASTER EN EXERXÍA E SUSTENTABILIDADE	1.300	508	1.000	800	3.150	72.737		79.495		505	80.000
MASTER EN SEGURIDAD INTEGRAL	1.500		600	2.500	2.200	50.200		57.000		600	57.600
MASTER EN MÉTODOS MATEMÁTICOS E SIMULAC.						9.420		9.420			9.420
MASTER EN FOTOTONICA E TÉCNICAS DE LÁSER			1.150			29.860	2.600	33.610	990		34.600
MASTER EN CIENCIA E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA	4.000		600			4.000	1.400	10.000			10.000
MASTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO	400	700	7.554	2.000		140.280	15.000	165.934	8.400	1.200	175.534
MASTER EN DEREITO URBANÍSTICO E DO MEDIO AMBIENT.	800		4.400	2.000		42.600	1.000	50.800		1.200	52.000
MASTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL						48.000		48.000			48.000
MASTER EN ESTUDOS DE XÉNERO						22.840		22.840			22.840
MASTER EN ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA						2.500		2.500			2.500
MASTER EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA						5.000		5.000			5.000
MASTER EN QUÍMICA TEÓRICA						1.600		1.600			1.600
MASTER EN NEUROCIENCIAS	780		135	300		135		1.350			1.350
MASTER EN FÍSICA APLICADA	16.000		3.000	2.000		20.000		41.000		4.000	45.000
TOTAL POPs	24.780	1.208	18.439	9.600	5.350	449.172	20.000	528.549	9.390	7.505	545.444

DISTRIBUCIÓN DE CRÉDITOS PARA DEPARTAMENTOS

ORGANICA	DEPARTAMENTOS	220	226.01	228.02	230	TOTAL DPTO.
VC01	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE	3.343	3.343	2.229	2.229	11.144
VC02	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	2.265	2.265	1.510	1.510	7.549
VC03	BIOQUÍMICA, XENÉTICA E INMUNOLOXÍA	1.779	1.779	1.186	1.186	5.932
CC04	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL	2.669	2.669	1.779	1.779	8.897
EC05	ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	1.995	1.995	1.330	1.330	6.651
EC06	MATEMÁTICAS	1.564	1.564	1.043	1.043	5.213

ZC07	QUÍMICA ANALÍTICA E ALIMENTARIA	1.860	1.860	1.240	1.240	6.201
ZC09	QUÍMICA INORGÁNICA	1.321	1.321	881	881	4.404
CC10	XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACIÓN TERRITORIAL	1.213	1.213	809	809	4.044
ZC11	QUÍMICA FÍSICA	1.699	1.699	1.132	1.132	5.662
ZC12	QUÍMICA ORGÁNICA	1.402	1.402	935	935	4.673
HH03	FILOLOXÍA GALEGA E LATINA	1.887	1.887	1.258	1.258	6.291
HH04	FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ	3.289	3.289	2.193	2.193	10.964
GH05	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA	1.995	1.995	1.330	1.330	6.651
PH07	ESCULTURA	1.159	1.159	773	773	3.864
PH08	PINTURA	1.132	1.132	755	755	3.775
PH09	DEBUXO	1.186	1.186	791	791	3.954
HH10	LINGUA ESPAÑOLA	1.159	1.159	773	773	3.864
HH11	LITERATURA ESPAÑOLA E TEORÍA DA LITERATURA	971	971	647	647	3.235
HH12	TRADUCIÓN E LINGÜÍSTICA	2.831	2.831	1.887	1.887	9.437
BT01	DESEÑO NA ENXEÑARÍA	2.615	2.615	1.744	1.744	8.718
IT02	ENXEÑARÍA ELÉCTRICA	1.914	1.914	1.276	1.276	6.381
IT03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS	2.696	2.696	1.797	1.797	8.987
CT04	ENXEÑARÍA QUÍMICA	2.642	2.642	1.761	1.762	8.807
BT05	ENXEÑARÍA DOS MATERIAIS MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCIÓN	1.914	1.914	1.276	1.276	6.381
WT06	ENXEÑARÍA DOS RECURSOS NATURALS	1.914	1.914	1.276	1.276	6.381
IT07	ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	1.860	1.860	1.240	1.240	6.201
CT08	FÍSICA APLICADA	4.098	4.098	2.732	2.732	13.661
IT11	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	2.588	2.588	1.726	1.726	8.628
TT13	ENXEÑARÍA TELEMÁTICA	2.319	2.319	1.546	1.546	7.729
TT14	TEORÍA DO SINAL E DAS COMUNICACIÓNS	3.721	3.721	2.480	2.481	12.402
CT15	INFORMÁTICA	3.532	3.532	2.355	2.355	11.773
TT16	MATEMÁTICA APLICADA I	1.321	1.321	881	881	4.404
TT17	MATEMÁTICA APLICADA II	1.456	1.456	971	971	4.853
XX01	ANÁLISE E INTERVENCIÓN SICOEDUCATIVA	1.860	1.860	1.240	1.240	6.201
4X02	DEREITO PRIVADO	2.157	2.157	1.438	1.438	7.190
4X03	DEREITO PÚBLICO	2.292	2.292	1.528	1.528	7.639
XX04	DIDÁCTICA, ORGANIZACIÓN ESCOLAR E	1.510	1.510	1.007	1.007	5.033

	MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN					
XX05	DIDÁCTICAS ESPECIAIS	3.370	3.370	2.247	2.247	11.234
EX06	ECONOMÍA APLICADA	3.748	3.748	2.498	2.498	12.492
EX07	ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	3.694	3.694	2.462	2.463	12.312
EX08	FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA E HISTÓRICA E INSTITUCIÓN ECONÓMICAS	2.507	2.507	1.672	1.672	8.358
EX09	ORGANIZACIÓN EMPRESAS E MÁRKETING	5.851	5.851	3.900	3.901	19.502
QX10	PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN	1.429	1.429	953	953	4.763
EX11	SOCIOLOXÍA CIENCIA POLÍTICA E FILOSOFÍA	1.860	1.860	1.240	1.240	6.201
4X13	DEREITO PÚBLICO ESPECIAL COMUNICA AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	2.723	2.723	1.815	1.815	9.077
	TOTAL	104.314	104.314	69.543	69.544	347.715